



FACULTADE DE FILOLOXÍA

**Traballo de Fin de Grao**

---

# Identidade a través da lingua: sáficas neofalantes

---



**Autora: Inés Allariz Pena**

**Titor: Xosé Henrique Monteagudo Romero**

**Curso: 2021-2022**

Xullo 2022

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Lingua e Literatura Galegas



FACULTADE DE FILOLOXÍA

**Traballo de Fin de Grao**

---

## **Identidade a través da lingua: sáficas neofalantes**

---



**Autora: Inés Allariz Pena**

A handwritten signature in blue ink that reads 'Inés A.P.' with a circular flourish around the end.

**Titor: Xosé Henrique Monteagudo Romero**

**Curso: 2021-2022**

**Xullo 2022**

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Lingua e Literatura Galegas

Ás miñas amigas, a boa parte da familia, ás miñas gatas, ás miñas informantes e a todas as persoas que me axudaron a chegar ata aquí. Especialmente, a meus avós, a María, a Anamari, a Alba, a Isabel, a Henrietta e a Ginger. Sen todas vós non estaría a punto de rematar a carreira.

Mil grazas e mil bicos!

**Formulario de delimitación do título e resumo**  
Traballo de Fin de Grao curso 2021/2022

APELIDOS E NOME:	Allariz Pena, Inés
GRAO EN:	Lingua e Literatura galegas
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	X. Henrique Monteagudo Romero
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	Sociolingüística, política lingüística e estandarización

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

**Título:**



Identidade a través da lingua: sáficas neofalantes

**Resumo**

Co meu Traballo de Fin de Grao pretendo estudar a relación entre ser neofalante de galego e ser sáfica. É dicir, analizarei a construción da identidade das entrevistadas a través da lingua en persoas novas de orientación sexual heteronormativa. Defino *neofalante de galego* como a persoa que recibe o castelán como lingua inicial e o ten como lingua habitual durante as primeiras etapas da súa vida, pero que nun proceso de muda, se converte en galegofalante habitual (monolingüe ou bilingüe). Para *sáfica* seguirei a definición do Urban Dictionary: "female-aligned person who feels romantic or sexual attraction to female-aligned people. This applies to female-aligned people who are not only lesbians, but also bisexual, pansexual, etc." (Urban Dictionary, s.v. *sapphic*).

Analizarei un corpus de narracións de experiencia persoal (Labov, 1972:360) conseguido a través de entrevistas semidirixidas a 6-8 mulleres sáficas neofalantes de galego de entre 20 e 25 anos, todas elas de distintos hábitats da provincia de Pontevedra. Alén diso, empregarei datos da evolución do uso e situación actual do galego por idade e xénero, xa recollidos polo MSG-1992 (Mapa Sociolingüístico de Galicia) e o IGE, entre outros. O estudo dividirase nunha parte máis teórica, outra máis descritiva na que se presentarán datos xerais; e outra na que se analizarán as entrevistas, así como se compararán cos datos previos; por último ofreceranse as conclusións

Santiago de Compostela, de novembro de 2021

Sinatura do/a interesado/a 	Visto e prace (sinatura do/a titor/a) MONTEAGUDO ROMERO HENRIQUE XOSE - 33245766W Firmado digitalmente por MONTEAGUDO ROMERO HENRIQUE XOSE - 33245766W Fecha: 2021.11.11 11:42:18 +01'00'	Aprobado pola Comisión do Traballo de Fin de Grao coa data <b>15 NOV. 2021</b> Selo da Facultade de Filoloxía 
---	--	---

SRA. PRESIDENTA DA COMISIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

## **Identidade a través da lingua: sáficas neofalantes**

## **Identidad a través de la lengua: sáficas neohablantes**

## **Identity through language: sapphic new speakers**

### **Resumo**

Co meu Traballo de Fin de Grao pretendo estudar a relación entre ser neofalante de galego e ser sáfica. É dicir, analizarei a construción da identidade das entrevistadas a través da lingua en persoas novas de orientación sexual non heteronormativa. Defino *neofalante de galego* como a persoa que recibe o castelán como lingua inicial e o ten como lingua habitual durante as primeiras etapas da súa vida, pero que nun proceso de muda, se converte en galegofalante habitual (monolingüe ou bilingüe). Para *sáfica* seguirei a definición do *Urban Dictionary*: “female-aligned person who feels romantic or sexual attraction to female-aligned people. This applies to female-aligned people who are not only lesbians, but also bisexual, pansexual, etc.” (*Urban Dictionary*, s.v. *sapphic*).

Analizarei un corpus de narracións de experiencia persoal (Labov, 1972: 360) conseguido a través de entrevistas semidirixidas a 6-8 mulleres sáficas neofalantes de galego de entre 20 e 25 anos, todas elas de distintos hábitats da provincia de Pontevedra. Alén diso, empregarei datos da evolución do uso e situación actual do galego por idade e xénero, xa recollidos polo MSG-1992 (Mapa Sociolingüístico de Galicia) e o IGE, entre outros. O estudo dividirase nunha parte máis teórica, outra máis descritiva na que se presentarán datos xerais; e outra na que se analizarán as entrevistas, así como se compararán cos datos previos; por último, ofreceranse as conclusións.

**Palabras chave:** sáfica, neofalante, muda lingüística, narración de experiencia persoal.

**Declaración de orixinalidade**

Eu, dona Inés Allariz Pena, con DNI 77550581-D, declaro que o presente Traballo de Fin de Grao é integramente orixinal. Todas as fontes utilizadas están citadas correctamente, sendo consciente do delito de plaxio que implica o contrario.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2022

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Inés AP', enclosed within a blue oval scribble.

# Índice

1. Introducción .....	8
2. Neofalantes e neofalantismo .....	9
2.1. Contexto .....	9
2.2. Os conceptos de <i>neofalante</i> e <i>neofalantismo</i> .....	11
2.3. O perfil do neofalante e as neofalas.....	16
2.4. A importancia do neofalantismo .....	18
3. O concepto de sáfica .....	19
4. As entrevistas.....	21
4.1. Metodoloxía.....	21
4.2. Perfil das informantes .....	22
Informante 1.....	22
Informante 2.....	23
Informante 3.....	23
Informante 4.....	24
Informante 5.....	24
Informante 6.....	25
4.3. A cuestión da identidade.....	25
4.4. Saída do armario, momento no que comezan a falar galego, círculo e motivacións .....	31
Informante 1.....	31
Informante 2.....	33
Informante 3.....	34
Informante 4.....	35
Informante 5.....	37
Informante 6.....	38
Análise das coincidencias e discordancias entre as informantes.....	39
5. Conclusións.....	41

6. Bibliografía.....	43
7. Anexos .....	47
7.1. Fichas das informantes .....	47
Ficha informante 1.....	47
Ficha informante 2.....	48
Ficha informante 3.....	48
Ficha informante 4.....	49
Ficha informante 5.....	49
Ficha informante 6.....	50
7.2. Ligazóns ás gravacións das informantes.....	50
7.3. Autorizacións .....	50

## 1. Introducción

Co meu Traballo de Fin de Grao pretendo introducir unha variable tradicionalmente ignorada pola sociolingüística galega: a orientación sexual das informantes. É frecuente que as investigacións teñan en conta as variables de xénero e idade, pero, a día de hoxe, isto non é suficiente para entender os usos lingüísticos das persoas. Non debemos asumir que a praxe lingüística das persoas LGBTQ+ e das persoas cisheterosexuais é a mesma sen realizar estudos ao respecto. Así, propoño a hipótese de que existe relación entre ser e identificarse como sáfica e tornarse neofalante de galego; ao longo do traballo, veremos como, efectivamente, se verifica nos casos analizados.

Para estudar a construción da identidade das entrevistadas a través da lingua, analizarei un corpus maioritariamente integrado por narracións de experiencia persoal (Labov, 1972: 360) conseguido a través de entrevistas semidirixidas a 5 mulleres e unha persoa non binaria sáficas neofalantes de galego de entre 20 e 25 anos, todas elas de distintos hábitats da provincia de Pontevedra. No resumo, indiquei que faría unha comparativa entre os datos obtidos a través das entrevistas e os xa recollidos polo MSG-1992 (*Mapa Sociolingüístico de Galicia*) e o IGE (Instituto Galego de Estatística); porén, descarteino por non parecerme de interese ao manexar un número de informantes tan baixo.

O estudo divídese nunha primeira parte teórica, na que discutirei sobre o concepto de *neofalante*, o seu contexto e o seu uso, así como definirei o termo de *sáfica*; e unha segunda centrada na descrición e análise das entrevistas; por último ofreceranse as conclusións.

Cómpre aclarar que este é un traballo cualitativo, que analiza con certo nivel de profundidade uns poucos casos particulares. Deste modo, aínda que non poidamos facer xeneralizacións a través do testemuño de seis persoas, plantamos o xermolo para estudos posteriores máis amplos e exhaustivos.

## 2. Neofalantes e neofalantismo

Nesta sección, achegarase o contexto no que xurdiron os termos de *neofalante* e *neofalantismo*, a súa definición, o perfil habitual do neofalante e a importancia do neofalantismo.

### 2.1. Contexto

O galego chegou con certa vitalidade ata os nosos días grazas á transmisión interxeracional como lingua familiar. Porén, esta transmisión interxeracional é cada vez menor, o que desemboca nunha perda de falantes, especialmente dos máis novos (Ramallo, 2012: 167). Esta ruptura da transmisión do galego na familia vólvese significativa no franquismo (Monteagudo, 2021), cando se comezan a perder os vínculos afectivos coa lingua, así como a desprazarse gran parte da poboación cara a núcleos urbanos, adoptando o español:

en un afán de integrarse cuanto antes, se acomodaron al sistema de referencias propio de las ciudades, entre los que el español era un ingrediente más de la modernidad por la que habían apostado. Así, estos hablantes incorporan el español a su repertorio comunicativo, no solo en los registros más formales sino, y esto es lo más relevante, también en los informales, incluida la transmisión lingüística familiar.

(Ramallo, 2012: 168)

É habitual que se conciba a familia coma a axencia máis importante para o mantemento das linguas, por ser onde se produce a socialización primaria, se ben se relaciona con outras coma o sistema educativo, os medios de comunicación etc. (Ramallo, 2012: 169-170). Con todo, cabe por isto en dúbida, xa que, na actualidade, as nenas e nenos inician a súa vida académica e manteñen as súas primeiras relacións extrafamiliares, o que tradicionalmente se entende como socialización secundaria (fóra da familia), cada vez máis cedo; hoxe en día, socialización primaria e socialización secundaria danse case paralelamente. Así, aínda que se manteña a transmisión interxeracional, se a lingua se abandona fóra do seo familiar, o proceso de substitución lingüística acabará por completarse, incluso se pode chegar a substituír dentro do ámbito familiar (Ramallo, 2012: 173; Monteagudo *et al.*, 2021).

Coa chegada da democracia e a aprobación do Estatuto de Autonomía en 1981, o galego comeza a recibir, aparentemente, apoio institucional: creación dun estándar oficial, implantación do galego nas aulas, *Plan xeral de normalización lingüística* do 2004, Decreto 124/2007 etc. (Silva Valdivia, 2012; Monteagudo *et al.*, 2016). O proceso de estandarización comeza no 1982 coas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (NOMIG), revisadas no 2003, aínda que existiran intentos de estandarización previos pouco frutíferos e que non chegaron a consolidarse (Ramallo, 2013: 249). Co ensino do galego e da súa situación sociolingüística na escola, as persoas agora menores de 45 anos aumentaron as súas competencias, foron desprazados os prexuízos lingüísticos existentes (en certa medida) e concienciouse á xente sobre as dinámicas de poder entre galego e castelán (Ramallo, 2013: 250).

Porén, asistimos a unha diminución cada vez máis acusada do número e porcentaxe de galegofalantes tanto iniciais como habituais, especialmente nas franxas de idade máis baixas (Monteagudo *et al.*, 2016). Para acadar un éxito verdadeiro no mantemento e aumento de uso da lingua, débense promover políticas de promoción do galego tanto na familia coma noutras axencias (Ramallo, 2012: 187), que se centren en modificar os hábitos lingüísticos a nivel social e non individual. Os obxectivos e as medidas tomadas por parte do goberno son vagos, pouco claros e semellan non querer ser favorables para o galego; poderían ser suficientes para manter unha lingua, mais non para recuperar falantes e outorgarlle prestixio (Ramallo, 2012: 185-186). Debemos resaltar a importancia e o impacto das organizacións cidadás alleas ao goberno galego e comprometidas co uso e recuperación da lingua, que palían, en certa medida, a falta de eficiencia por parte das institucións oficiais (Ramallo, 2012: 187).

Dun xeito similar ao ocorrido en Galicia, as políticas de promoción das linguas minorizadas desenvólvense en toda Europa para outorgarlles visibilidade e prestixio, sen desprazar á lingua hexemónica correspondente, pero conseguindo espazo nas institucións e un importante valor simbólico (Ramallo, 2013: 247). Esta promoción das linguas minorizadas pode ter consecuencias favorables en canto a reprodución (freando a non reprodución) e produción lingüísticas (Ramallo, 2013: 247). Entendemos *reprodución* como o mantemento interxeracional da lingua; a *produción* coma a aprendizaxe ou adquisición desta por persoas cuxos proxenitores non a

empregaban (polo menos, non con elas); e a *non reprodución* coma a interrupción da transmisión interxeracional (Williams, 1978, 2005 *apud* Ramallo, 2012: 170).

É neste contexto de intento de normalización das linguas minorizadas onde xorde unha nova categoría de falantes: os neofalantes. O termo é case exclusivamente empregado no seo europeo, a pesar de atopárense as linguas indíxenas nunha situación similar ás minorizadas europeas (Ramallo, 2020: 235).

## 2.2. Os conceptos de *neofalante* e *neofalantismo*

*Neofalante* é un concepto recente, problemático e problematizador, polo que presenta unha diversidade de definicións, certamente, similares entre elas (Ramallo, 2020: 236). Ramallo reúneas en *Neofalantismo y el sujeto neohablante* (2020: 237); nos seus traballos, pola contra, para *neofalante de galego* emprega definicións bastante similares entre elas, que matizaremos a continuación:

Definimos o neofalante de galego como unha persoa que aprendeu a falar en castelán, que tivo este como idioma familiar e que nalgún momento da súa vida decide falar só ou maioritariamente en galego (Ramallo, 2012: 182. Ramallo, 2013: 249).<sup>1</sup>

entendemos por suxeito neofalante o colectivo conformado por persoas que deciden transformar a súa vida mediante un cambio radical na súa praxe lingüística. Este cambio supón falar unha lingua allea á socialización primaria, aprendida en institucións diferentes á familia, que chega a converterse na lingua referencial da subxectividade dos neofalantes (Ramallo, 2018: 15).

Por *neohablante esencial* nos referimos a aquela persoa que ha relegado su lengua materna a un segundo plano. Son hablantes habituales de gallego, que, en los casos prototípicos(que son mayoría), hablan exclusivamente este idioma. En consecuencia, los neohablantes esenciales usan el gallego en todas sus interacciones, incluso con personas que prefieren expresarse en español. Constituyen un grupo muy dinámico, no solo respecto a la utilización de la lengua, sino también en su activismo en la revitalización lingüística. Todo ello hace de ellos una minoría activa, innovadora y promotora del cambio social. (Ramallo/ O'Rourke, 2014: 100)<sup>2</sup>.

---

<sup>1</sup> En Ramallo, 2012: 182, a definición está en castelán, mais é igual ca en Ramallo, 2013: 249, en galego.

<sup>2</sup> En Ramallo e O'Rourke (2014) ofrécese unha tipoloxía de neofalantes segundo o grao de uso de galego: *esencial*, *ocasional*, *funcional* e *potencial*. O que nese estudo se define como *neofalante esencial* é o que noutros traballos se trata como, simplemente, *neofalante*.

Tamén Frías Conde proporciona unha definición semellante:

Persoa cunha lingua X que durante un momento da súa vida adquire unha lingua Y, de carácter rexional, como lingua vehicular principal, sendo a lingua Y o idioma tradicional do territorio onde mora dito individuo. En xeral, os neofalantes xorden como resultado do nacemento de procesos de planificación lingüística nos territorios onde se fala unha lingua rexional minoritaria que se pretende normalizar, normativizar e promover (Frías Conde, 2006: 60).

No resumo, eu mesma ofrecín unha definición parecida, apoiada nestas de Ramallo e de Frías Conde: “persoa que recibe o castelán como lingua inicial e o ten como lingua habitual durante as primeiras etapas da súa vida, pero que nun proceso de muda, se converte en galegofalante habitual (monolingüe ou bilingüe)”.

Con todo, debo rectificala, xa que esta non se adecúa a todas as miñas entrevistadas nin á realidade actual neofalante. Nas entrevistas, tanto INFO\_2 coma INFO\_3 tiveron de lingua inicial o galego (INFO\_3 galego e castelán) e mantivérona durante toda a vida no ámbito familiar (INFO\_2 con toda a familia, mentres que INFO\_3 cos pais e avós, pero non coas irmás), pero dende moi pequenas empregaron o castelán para todas as súas relacións sociais, tanto con amigos como con profesoras, no supermercado etc. É dicir, a socialización secundaria é case paralela á socialización primaria, xa que a INFO\_2 comezou a escola con 3 anos e a INFO\_3 con 2. Aínda sen cumprir con todos os requisitos da definición prototípica, elas autopercíbense como neofalantes.

Por este motivo, e sen querer desautorizar a Ramallo nin a outros estudosos coma Frías Conde, creo que sería conveniente ampliar semanticamente a definición de *neofalante*, xa que non inclúe as novas realidades que se están a dar nos últimos anos debido á forte forza castelanizadora que é o ensino, o principal lugar de socialización de nenos e adolescentes. Debemos ser flexibles coas etiquetas na sociolingüística, co fin de non borrar historias e realidades por querer categorizalo todo dun xeito tan terminante (Pujolar *et al.*, 2010: 67). Así, considero que por moito que a lingua inicial dunha persoa sexa o galego, se abandona esta na maior parte de ámbitos nos primeiros anos de vida e máis adiante a recupera, segue a ser neofalante. Quizais poderíamos establecer unha distinción entre estes e os neofalantes prototípicos (co castelán como lingua inicial) e denomíalos, por exemplo, *neofalantes sociais* e *neofalantes totais*.

Para elaborar unha nova definición que abrangue os distintos neofalantes, baseeime nas miñas observacións con respecto ás entrevistadas, así como na súa propia percepción do termo, pois, como defenden Rymes e Leone (2014), debemos implicar as persoas sobre as que facemos sociolingüística na sociolingüística, aínda que non contan cunha formación ao respecto. No caso que nos atinxe, a maior parte das informantes si que contan con esta formación por estudaren lingüística nos seus respectivos graos universitarios (só a INFO\_3, estudante de medicina, e a INFO\_4, estudante de xornalismo, carecen de formación sociolingüística posterior ao bacharelato). As súas opinións sobre a definición de neofalante difiren en certa medida:

A INFO\_1 coincide con Ramallo e cre que unha persoa que tivo como lingua inicial o galego non debe considerarse neofalante, aínda que o abandonase nas primeiras etapas de vida e o recupérase de adolescente “mentres siga habendo ese espazo no que el fala galego, eu penso que consideraría que aínda é un falante de galego, aínda que sexa bilingüe ou aínda que eses usos sexan un pouco diglósicos” (INFO\_1, minutos 18:58-19:11).

A INFO\_2 dubida ao respecto: autopercíbase como neofalante, polo menos en certa medida, a pesar de ter como lingua inicial e familiar o galego. Por este motivo, non semella que considere necesario partir dunha lingua inicial diferente do galego.

Á INFO\_3 ocórrelle algo similar á INFO\_2: autopercíbase como neofalante, a pesar de considerarse bilingüe inicial (empregou ata os 20 anos o castelán coas irmás e o galego co resto da familia). Na definición que ofrece para neofalante, non fai referencia á lingua inicial: “unha persoa que empeza a utilizar unha lingua [...] con, supoño que, máis frecuencia, non o sei, é que non o sei, eu tampouco me considero neofalante do inglés, sei que existe, pero xa está... Entón, supoño que, que se utilice en case todos os ámbitos e mais que a utilice para relacionarse” (INFO\_3, minutos 17:33-18:08).

A INFO\_4 considérase neofalante, xa que tivo que facer un esforzo consciente para empregar o galego en todos os ámbitos. Ofrece unha definición na que non indica tampouco a lingua inicial, senón a habitual: “xente que, normalmente, utiliza o castelán, practicamente en todos os aspectos ou ámbitos da súa vida e decide cambiarse practicamente en todos os aspectos ou ámbitos ao galego [...] supoño que

xente que falaba sempre en castelán e agora fala sempre en galego” (INFO\_4, minutos 34:46-35:13).

A INFO\_5 considera que o termo neofalante está connotado negativamente, mesmo conta como unha profesora lle dixo que se trataba dunha “palabra de odio” (INFO\_5, minutos 19:11 a 19:19). Fala dos neofalantes como persoas cun contexto primario castelanfalante (INFO\_5, minuto 20:16-20:24). Cre que ser neofalante é unha etapa transitoria, que dependerá do ritmo da persoa; para ela, unha vez se deixan de cometer erros gramaticais *graves* xa non se segue a ser neofalante (INFO\_5, minutos 20:38-21:37). Así, non se percibe actualmente como neofalante, foino no pasado, pero xa non se recoñece como tal.

A INFO\_6 coincide coa INFO\_5 na concepción transitoria do neofalante. Aínda que agora mesmo se considera neofalante, dentro duns anos (de 3 a 5 anos) xa non o será: “cando acabas de ser neofalante? [...] creo que é unha persoa que acaba de comezar a falar galego [...] fai relativamente pouco [...], a partir de 5 anos eu xa digo «fala galego»” (INFO\_6, minutos 09:39-10:38); “unha persoa que acaba de comezara falar galego [...] nun prazo de 3 anos” (INFO\_6, minutos 12:13-12:20).

Existe tamén variedade de opinións de se ser neofalante é transitorio ou non. Belén Regueira indica que “non podo aspirar sequera a converterme algún día en ex-neofalante || unha neofalante sempre é neofalante | por moi[...] tempo que estea neofalando o que neofale ||” (B. Regueira, 2010 *apud* Fernández Rei/Regueira, 2018). Persoalmente, coincido con ela, aínda que é unha cuestión interesante na que habería que afondar, mais non neste traballo por non ser o seu obxectivo.

Tendo todo o anterior en conta, propoño a seguinte definición:

Persoa que fala castelán nas primeiras etapas da súa vida nos ámbitos externos ao fogar e á familia; pero que, nun proceso de muda consciente, se converte na adolescencia ou vida adulta en galegofalante habitual (monolingüe ou bilingüe), independentemente de se a súa lingua inicial é o galego, o castelán ou outra.

Para comprendermos ben esta definición debemos explicar o concepto de *muda lingüística*, introducido por Joan Pujolar, Isaac González e Roger Martínez no 2010

El que anomenem mudes lingüístiques és bàsicament aquesta darrera mena de canvi: una persona que adopta l'ús social d'una llengua que fins aleshores no parlava, o una persona que canvia la llengua que parlava amb coneguts o en contextos concrets, o una persona que canvia les regles a partir de les quals decidia quina llengua parlava en determinades situacions. (Pujolar *et al.*, 2010: 67)

É dicir, o concepto de muda aplícase tanto ás informantes que teñen o castelán como lingua inicial, como ás que teñen o galego, porque cambiaron o xeito no que teñen organizada a súa elección de linguas (Pujolar *et al.*, 2010: 67).

A pesar de que son partidaria de expandir o termo de *neofalante* para aplicarse ás novas realidades expostas, coincido con Ramallo na diferenciación entre *neofalante dunha lingua minorizada* (cambios na praxe lingüística, uso en todos ou case todos os ámbito, motivacións xeralmente políticas e emocionais) e *novo falante dunha lingua estranxeira*. Se aceptamos a aplicación do termo *neofalante* a estas situacións nas que non existen relacións de poder entre linguas, estamos a borrar parte das implicacións que verdadeiramente ten o termo (Ramallo, 2018: 16-17. Ramallo, 2020: 241).

A conversión do neofalante provoca cambios na súa vida (a miúdo, neutros ou negativos). A aprendizaxe dunha segunda lingua, xeralmente, beneficia ás persoas, sen ter implicacións sociais na súa vida cotiá, xa que non vai comezar a usala a diario (Ramallo, 2018: 16-17). Isto reforza a miña proposta da nova definición para neofalante xa que, aínda que non se parta do castelán como lingua inicial, a súa adopción temperá e posterior conversión ao galego na mocidade provoca cambios na vida da persoa, pois pode sufrir rexeitamento, burlas ou, simplemente, estrañeza por parte do seu círculo.

O conxunto dos neofalantes conforma o neofalantismo, que Ramallo define como:

un movemento social, artellado ao redor dunha minoría activa (Ramallo, 2013: 248)

un movemento social conformado por suxeitos que adoptan unha práctica consciente de defensa e activismo a prol das linguas socialmente minoritarias, mediante o seu uso, a súa reivindicación pública e a súa dignificación social. (Ramallo, 2013: 252)

É dicir, o neofalantismo (e os neofalantes) xorde para combater a substitución lingüística, i.e., o proceso mediante o que unha comunidade vai abandonando unha lingua en prol doutra que se considera máis prestixiosa, pasando pola minorización da lingua a abandonar (Ramallo, 2013: 253).

No caso do neofalantismo e dos neofalantes, abandónase ou desprázase a lingua maioritaria. Por ser un proceso que afecta a certas persoas e non á comunidade por enteiro, O'Rourke e Ramallo propoñen o termo *desprazamento da lingua maioritaria* (Ramallo/ O'Rourke, 2013a *apud* Ramallo, 2013: 253). Este proceso está motivado pola toma de consciencia sobre a realidade sociolingüística, neste caso, do galego (Ramallo, 2013: 253), así como por motivacións ideolóxicas, políticas ou emocionais que fagan romper coa orde establecida (Ramallo, 2020: 250).

Debemos ter en conta que o éxito do desprazamento da lingua maioritaria se verá condicionado polos espazos e círculos nos que se mova a persoa neofalante. Deste modo, diferenciamos entre *espazos favorecedores* e *espazos non favorecedores* (Ramallo, 2020: 251). Un espazo favorecedor podería ser, por exemplo, un círculo de persoas galegofalantes que non xulgasen o xeito de falar das persoas que se acaben de incorporar á lingua, ou un círculo de castelanfalantes sen prexuízos lingüísticos cara ao galego.

### 2.3. O perfil do neofalante e as neofalas

Ramallo caracteriza ao neofalante de galego máis habitual como

unha persoa nova, concienciada coa situación social da lingua galega e que opta por utilizar de xeito habitual o galego como unha medida de reivindicación social, política e/ou cultural. [...] O maior número vive en espazos urbanos. Nas cidades máis castelanizadas o único galego que se escoita nos barrios do centro é o dos neofalantes (Frías-Conde 2006), e quedan residuos de galego tradicional nas zonas periféricas. (Ramallo, 2013: 251-252)

Aínda que nesta cita comenta que os neofalantes son máis abundantes nos espazos urbanos, quizais debeu dicir máis notables, xa que, nun traballo dun ano antes, o propio Ramallo indica que a porcentaxe de neofalantes é similar nas cidades e nas vilas de menos de 10 mil habitantes (Ramallo, 2012: 182).

Sexa como for, non afirma que os neofalantes sexan inherentemente urbanos. Con todo, si que o dá a entender implicitamente en certas ocasións: e.g. equipara *neofalante a falante de galego urbano* e a *falante de galego estándar* (Ramallo, 2012: 183). Esta afirmación tan tallante non se adecúa á realidade, pois, como xa mencionei, o mesmo Ramallo indica que existe unha porcentaxe similar de neofalantes en hábitats urbanos e non urbanos (Ramallo, 2012: 182); ademais, unha persoa neofalante non ten por que empregar o estándar, como máis adiante veremos nas entrevistas das distintas informantes.

Esta caracterización das neofalas coma estándar ofrécennola tamén Porrit *et al.* “[...] o galego dialectal non só como propio do ámbito rural senón como propiedade exclusiva dos paleofalantes<sup>3</sup>, á que os neofalantes non poden aspirar” (Porrit *et al.*, 2016 *apud* Fernández Rei/Regueira, 2018) e Frías Conde “o neofalante aprendeu un modelo de lingua depurado, mentres que o paleofalante, na grande maioría dos casos, exprésase cunha linguaxe mixta, onde a influencia da lingua estatal é sempre manifesta” (2006: 61), pasando por alto que os neofalantes poden criarse en ambientes parcialmente galegófonos, nos que a lingua presenta castelanismos, ademais de dialectalismos que, aínda que lexítimos, tamén se desvían do estándar.

A raíz desta cita de Frías Conde, debemos matizar a dicotomía de *aprendizaxe* versus *adquisición* na que o autor fai fincapé (2006: 61). Quizais sexa un pouco extrema esta afirmación de que os neofalantes *aprenden* galego como se se tratase dunha L2 estranxeira, xa que, malia non empregalo, o habitual é que o escoiten da man de falantes tradicionais, xa sexa nos medios de comunicación, na casa, na escola, a través de veciños etc. Aínda que non sexan falantes activos ata, polo menos, a adolescencia, levan a ser falantes pasivos practicamente dende o nacemento, adquirírona nas primeiras etapas de vida.

---

<sup>3</sup> *Paleofalante* equivale a *falante tradicional*, é dicir, aquelas persoas que reciben o galego como lingua inicial e o manteñen como lingua habitual.

## 2.4. A importancia do neofalantismo

Retomemos agora a concepción do neofalantismo de Ramallo como minoría activa e vexamos como define este termo:

Unha minoría activa é aquela que ten capacidade «para influír e para producir cambios en función da súa diverxencia fronte á maioría» (Moscovici 1976: 105, tradución propia). Con frecuencia, unha minoría activa provoca cambios na maioría creando conflitos nela que conseguen modificar, en primeiro lugar, os seus marcos interpretativos (cognicións e valoracións) e, en segundo lugar, as súas prácticas. [...] a minoría inflúe e fai cambiar á maioría por un comportamento consistente que remata por crear conflito e dúbida entre os membros da maioría e os conduce a examinar e reavaliar a súa propia postura [...]. Sen influencia das minorías non é doado explicar o cambio social (Ramallo, 2013: 254)

É dicir, as minorías activas, aínda que constituídas por unha baixa porcentaxe de persoas, son determinantes para que se produzan cambios. Así, para unha recuperación exitosa do galego, o neofalantismo será esencial, pois *producirá* falantes novos e, cando estes teñan descendencia, podería *reproducilos* (Williams, 1978, 2005 *apud* Ramallo, 2012: 170). A pesar da emerxencia e aumento dos neofalantes, Ramallo presenta unha visión pesimista do futuro das linguas minorizadas (2013: 248), xa que non sabe se isto é suficiente para salvaras.

No que atinxe aos neofalantes de galego, Ramallo (2012 *apud* Ramallo, 2013: 251) establece, a partir da información recollida nos censos, que os neofalantes conforman o 2% da poboación. Pode parecer unha porcentaxe moi baixa, pero debemos ter en conta que en números absolutos son 70 mil persoas, unha cantidade considerable que ademais ten un valor simbólico notable. Cómpre remarcar que estas cifras son aproximadas e teñen que ver co que el define como *neofalante*; para a definición que eu propoño contaríamos cun número maior. Se abrísemos máis a definición de *neofalante* e incluísemos persoas que mudan ao galego en determinados contextos —*neofalante ocasional* (Ramallo/ O'Rourke, 2014: 100)—, o número sería, evidentemente, maior; neste caso, non as teremos en conta.

De momento, non podemos saber con seguridade se todas as persoas neofalantes lle van transmitir a lingua á súa descendencia. Porén, os resultados semellan favorables,

xa que o 1% da poboación total constitúena neofalantes que teñen descendencia e se comunican con ela en galego (Ramallo, 2012: 181).

En conclusión, non debemos deslexitimar os neofalantes, as neofalas e o neofalantismo, xa que, aínda que quizais a súa aparición non sexa suficiente para garantir a supervivencia das linguas minorizadas é, sen dúbida necesaria. “O futuro do galego será neofalante ou non será” (Sechu Sende, 2009 *apud* Losada, 2009).

### 3. O concepto de sáfica

A definición que escollín para *sáfica* é a do *Urban Dictionary*. O *Urban Dictionary* é un sitio web que contén máis de catro millóns de definicións de palabras e frases en inglés, grazas aos editores voluntarios que as recollen e elaboran (Wikipedia, s.v. *Urban Dictionary*). Debemos ter en conta que moitas veces estas definicións poden ser pouco fiables, de brincadeira; pero no caso de *sáfica*, recóllese a definición de uso real, a máis estendida e empregada pola comunidade LGBT+: “female-aligned person who feels romantic or sexual attraction to female-aligned people. This applies to female-aligned people who are not only lesbians, but also bisexual, pansexual, etc.” (*Urban Dictionary*, s.v. *sapphic*). Podemos ver este uso de *sáfica* como termo paraugas con moita frecuencia en Twitter, achego tres chíos (dous en castelán e un en galego) como exemplo:



Pilar (a newsie)  
@pilar\_\_af



Recordad, chicas, que si dudáis entre si sois lesbianas o bi y no sabéis qué reivindicar, hay una bandera sáfica preciosa y podéis reivindicar eso!!

[Traducir chío](#)

5:26 p.m. · 28/06/2020 · Twitter for Android

**Figura 1:** Pilar (a newsie) [@pilar\_\_af] (28/06/2020): *Recordad, chicas, que si dudáis entre si sois lesbianas o bi y no sabéis qué reivindicar, hay una bandera sáfica* [Chío]. *Twitter*. <[https://twitter.com/pilar\\_\\_af/status/1277262137346404355](https://twitter.com/pilar__af/status/1277262137346404355)> [Consulta 23/06/2022].



a Vera earrachail 🍷🌸  
@unhaprimavera



amigas sáficas: burlarvos de mulleres por como visten engadindo "heteras" non deixa de ser misoxinia, un non-bico

[Traducir chíó](#)

8:47 p.m. · 16/08/2020 · Twitter for Android

**Figura 2:** a Vera 🍷🌸 [@unhaprimavera] (16/08/2020): *amigas sáficas: burlarvos de mulleres por como visten engadindo "heteras" non deixa de ser misoxinia, un non-bico* [Chío]. Twitter. <<https://twitter.com/unhaprimavera/status/1295069792202883074>> [Consulta 23/06/2022].



Abbi 🐻 (Nizawa go brrrr) COMMIS CERRADAS  
@Eiprrril



En resposta a @angrylesbians\_e @queerfairy\_

El safismo es un espacio que no incluye hombres. En una relación sáfica, sea entre dos bi, dos lesbianas o una bi y una lesbiana, no caben hombres porque ser sáfica es contradictorio con ser hombre

[Traducir chíó](#)

11:40 p.m. · 6/08/2021 · Twitter for Android

**Figura 3:** 🐻 Abbi 🐻 (Nizawa go brrrr) COMMIS CERRADAS [@Eiprrril] (06/08/2021): *El safismo es un espacio que no incluye hombres. En una relación sáfica, sea entre dos bi, dos lesbianas o una bi y una lesbiana, no caben hombres porque ser sáfica es contradictorio con ser hombre* [Chío]. Twitter. <<https://twitter.com/Eiprrril/status/1423760914851958786>> [Consulta 23/06/2022].

Cómpre aclarar que non empreguei as definicións de dicionarios máis prestixiosos e avalados por organismos oficiais por seren moito máis restritivas, pouco claras e non adecuadas ao uso actual. Así, o *Diccionario da Real Academia Galega* (DRAG, s.v. *sáfica*) e o *Diccionario de la lengua española* (DLE, s.v. *sáfica*) recollen *sáfica* só como adxectivo (na mesma entrada ca *sáfico*), coas definicións “relativo ou pertencente ao safismo” e “pertenciente al lesbianismo”, respectivamente, ademais de ofrecerem como sinónimo *lesbiano/a*. Consultei tamén o *Oxford English Dictionary*, que recolle *saphic* como adxectivo e como substantivo, pero define o termo tamén de xeito inadecuado: “of, relating to, engaging in, or characterized by sexual activity between

women or female same-sex desire =lesbian” e “a lesbian” (OED, s.v. *sapphic*); de novo, equipárase a *lesbiana* e a *lesbiano/a*, non se recolle como termo paraugas.

Aínda que os devanditos dicionarios non equiparasen *sáfica* a *lesbiana*, a definición seguiría ser inadecuada, pois sempre falan de *muller*, ignorando outras identidades de xénero. Deste modo, a INFO\_5, unha persoa non binaria, non entraría dentro da definición.

Unha vez vistas as diferentes definicións ofrecidas polo DRAG, o DLE e o OED, afastadas do uso real, moito máis vagas e menos precisas que a que fornece o *Urban Dictionary*, queda aclarado o por que da miña escolla.

## 4. As entrevistas

Nesta sección achegarase información sobre a metodoloxía seguida para a realización das entrevistas, así como o perfil das informantes e a descrición e análise das entrevistas.

### 4.1. Metodoloxía

As entrevistas realizadas foron semidirixidas, é dicir, a partir de preguntas máis ou menos abertas formuladas por min, as informantes elaboraron os seus relatos. Deste modo, puiden obter información sobre a súa lingua inicial; o momento no que saíron do armario; o momento no que decidiron comezar a falar galego en case todos os ámbitos; as súas motivacións para facelo; o seu círculo antes e despois de saír do armario, tanto a nivel de praxe lingüística como de orientación sexual; o seu hábitat e cambios de residencia; o seu xénero; a concepción da súa propia identidade e o papel que xoga a lingua na configuración desta; a súa autopercepción como neofalantes e o xeito no que entenden o termo de *neofalante* (as dúas últimas cuestións foron xa tratadas no segundo punto deste estudo “Neofalantes e neofalantismo”)

Así, o corpus a analizar constitúeno, maioritariamente, narracións de experiencia persoal<sup>4</sup>. O concepto de *narracións de experiencia persoal* foi introducido por Labov (1972: 360) e defíneo como “one method of recapitulating past experience by matching a verbal sequence of clauses to the sequence of events which (it is inferred) actually occurred”. Partimos de que a información que proporcionan as informantes é veraz, mais debemos ter en conta que constrúen a narración dende o seu punto de vista, polo que sempre se van situar nunha posición vantaxosa que pode, en certa medida, distorsionar o relato (Camargo, 2004, 2006,2010 *apud* Guerrero González, 2017: 81).

Seleccionei como informantes a cinco mulleres e unha persoa non binaria que se identifican como sáficas e que se consideraron neofalantes, en maior ou menor medida, nalgún momento da súa vida; son de diferentes concellos da provincia de Pontevedra e teñen entre 20 e 25 anos. Cómpre mencionar que as coñezo a todas elas (con algunhas manteño amizade dende hai anos), o que, por unha banda, axuda a que as entrevistas sexan dinámicas e fluídas; mais, pola outra, é posible que condicione as miñas reflexións e as súas respostas. Por coñecelas, a linguaxe empregada é extremadamente informal.

#### 4.2. Perfil das informantes

Como xa indiquei previamente, as informantes son cinco mulleres e unha persoa non binaria con idades comprendidas entre os 20 e os 25 anos e naturais de distintos concellos da provincia de Pontevedra. Todas elas se identifican como sáficas e responden á definición de neofalante empregada para este estudo, aínda que a INFO\_5 considera que ser neofalante é unha etapa transitoria e agora xa non se recoñece como tal (pero si que se recoñeceu así no pasado).

##### *Informante 1*

A INFO\_1 ten 21 anos e procede de Vilaboa, unha vila de arredor de 6 mil habitantes (IGE, s.v. *Vilaboa*), bastante ruralizada, a pesar de situarse entre as cidades de Vigo e

---

<sup>4</sup> Non podemos considerar narracións de experiencia persoal, por exemplo, o xeito no que elas definen neofalante, mais é relevante para este traballo; como xa indiquei, foi discutido previamente no punto 2 “Neofalantes e neofalantismo”.

Pontevedra. cursou os seus estudos ata a ESO en Vilaboa, mentres que bacharelato na cidade de Pontevedra. Na actualidade está a rematar os seus estudos en Santiago de Compostela, no Grao de Lingua e Literatura Galegas.

A súa lingua inicial foi o castelán, aínda que afirma estar en contacto dende pequena co galego, xa que é a lingua que falan seus avós (cos que convive) e que tamén empregaba súa nai con estes. Comenta que seus pais lle falaron en castelán tanto a ela coma a seu irmán por ser seu pai falante habitual desta lingua, á que se adaptou a nai. Con 15 anos, un ano despois de saír do armario como bisexual, decidiu incorporar o galego (na variante dialectal correspondente coa súa zona de procedencia) a todos os ámbitos da súa vida, incluído o familiar.

#### *Informante 2*

A INFO\_2 ten 23 anos e procede de Moaña, unha vila mariñeira de arredor de 20 mil habitantes, de carácter semiurbano (IGE, s.v. *Moaña*). cursou os seus estudos ata bacharelato en Moaña; mentres que o Grao en Linguas Modernas, Cultura e Comunicación, en Madrid, onde agora está rematando o Dobre Mestrado en Formación ao Profesorado de ESO e Bacharelato (MESOB) e Estudos Internacionais Francófonos (MEIF).

A súa lingua inicial foi o galego, que mantivo na casa durante toda a súa vida, malia a abandonala dende que comezou a escolarización no resto de ámbitos e relacións sociais. Recuperouno en todos os ámbitos arredor dos 18 anos cando se mudou a Madrid, onde o emprega, incluso, con persoas de fóra de Galicia.

Saíu do armario como bisexual tamén aos 18 anos, ao chegar á universidade, aínda que reflexionara sobre o tema de moito máis nova.

#### *Informante 3*

A INFO\_3 procede da Estrada, concello duns 20 mil habitantes, de carácter semiurbano (IGE, s.v. *A Estrada*); aínda que pasaba as vacacións e as fins de semana en Meis, de menos de 5 mil e moito máis rural (IGE, s.v. *Meis*). Estudou en colexios concertados da Estrada ata chegar a bacharelato, cando se trasladou a un instituto público do mesmo

concello; en Santiago de Compostela cursou o Grao en Medicina, que rematou o ano pasado.

As súas linguas iniciais foron o galego e o castelán, porén o galego só o empregaba cos pais e avós, xa que coas irmás empregaba o castelán. Na escola e outras interaccións sociais empregou o castelán, a non ser que se dirixisen a ela en galego. Foi incorporando progresivamente o galego no instituto para facelo definitivamente en terceiro de carreira, con 20 anos, cando tamén saíu do armario como bisexual e, posteriormente, como lesbiana.

#### *Informante 4*

A INFO\_4 é natural de Cangas do Morrazo, concello semiurbano de arredor de 26 mil habitantes (IGE, s.v. *Cangas*), onde cursou os seus estudos ata o bacharelato. En Santiago de Compostela cursa o Dobre Grao de Xornalismo e Comunicación Audiovisual, aínda que este ano está de Erasmus en Lisboa.

A súa lingua inicial foi o castelán, a pesar de ser seu pai galegofalante. Na infancia, empregaba o galego en moi poucas ocasións e non se decidiu a incorporalo definitivamente ata a chegada á universidade. Cómpre mencionar que anos antes disto tiña xa vontade de empregalo, pero non quería sufrir comentarios nin burlas, polo que o usaba só cando se dirixían a ela nesta lingua.

Empezou a cuestionarse a súa orientación sexual aos 14 anos e aceptou a súa atracción polas mulleres aos 15, aínda que tardou anos en sentir que encaixaba na etiqueta de bisexual, en parte por manter, sobre todo, relacións longas con homes.

#### *Informante 5*

A INFO\_5 é unha persoa non binaria procedente de Poio (IGE, s.v. *Poio*), concello limítrofe a Pontevedra, semiurbano e que conta cuns 17 mil habitantes. A súa lingua inicial é o castelán, pero pola boa relación que tiña co seu avó paterno, quixo adoptar o galego dende antes de ser adolescente.

Estudou ata o bacharelato nun colexio de monxas, o que non propiciou que se autodescubriese como bisexual nin que comezase a falar galego. O bacharelato

realizouno nun instituto público pontevedrés, moito máis diverso; foi onde comezou a identificarse como bisexual e a empregar o galego.

Aos 18 anos mudouse a Santiago de Compostela para estudar Ciencias Políticas e, posteriormente, Lingua e Literatura Galegas. No seu primeiro ano universitario, reafirmou a súa orientación sexual e comezou a empregar o galego en todos os ámbitos.

#### *Informante 6*

A INFO\_6 é natural de Tui, concello de algo máis de 17 mil habitantes (IGE, s.v. *Tui*), moi próximo a Portugal e de carácter semiurbano. A súa lingua inicial foi o castelán, a pesar de ser seu pai galegofalante fóra do ámbito familiar.

Cursou os seus estudos en Tui, onde o seu círculo de amizades estaba moi castelanizado. Aínda que era consciente da situación do galego, non comezou a falalo ata hai un ano e medio, cando xa estaba estudando o Grao en Estudos de Asia e África: Árabe, Chinés e Xaponés en Madrid.

Saíu do armario como bisexual arredor dos 16 anos, despois de familiarizarse co colectivo LGBT+ a través de Twitter. Na actualidade, sente que ten que reafirmar a súa atracción por algún dos xéneros, especialmente polos homes.

### 4.3. A cuestión da identidade

Segundo Butler (2010), a identidade é unha *performance*, unha práctica discursiva construída a partir da socialización. Esta visión contraponse á esencialista, que defende que unha persoa é quen é e é como é dende o nacemento; así, todo o que implica, tradicionalmente, *ser muller*, sería inherente e non aprendido e condicionado por determinadas circunstancias, sociais, políticas e culturais (Amarelo, 2019: 35).

Do mesmo xeito que Butler (2010) ou Amarelo (2019), teremos neste estudo unha perspectiva construtivista da identidade. Tomaremos a definición de Johnstone (2008: 151 *apud* Amarelo, 2019: 35):

the outcome of processes by which people index their similarity to and difference from others, sometimes self-consciously and strategically and sometimes as a matter of habit

Podemos comprender mellor esta definición a través das ideas expostas por Amarelo (2019: 35): a identidade dun individuo está construída a partir de diferentes identidades colectivas, máis abstractas. Así, as informantes definiron a súa propia identidade indicando que pertencían a determinados grupos e non a outros. Vexámolo a continuación:

A INFO\_1 defínese como

muller nova, do rural, con estudos [...] universitarios, [...] bisexual, de esquerdas, hasta certo punto neofalante [...], bastante conectada coa miña feminidade [...], son moi claramente unha chica, encántanme as cousas tradicionalmente femininas [...], tamén me gustan as cousas entre comiñas de homes, disfruto moito desa clase de aficións e da compañía doutras mulleres, romanticamente, sexualmente e amistosamente [...], teño ás veces gustos [...] “alternativos” (10:47-12:42).

A lingua na súa identidade ten “un papel bastante importante, porque senón non faría [...] o cambio consciente de pasar a falar todo o tempo unha lingua que non era a que eu estaba acostumada a falar todo o tempo”. Ademais, é a lingua maioritaria no seu grupo de amizades; así como a lingua dos seus estudos universitarios e futuro profesional, xa que estuda Lingua e Literatura Galegas e ten pensado traballar como profesora de galego (INFO\_1, minutos 12:48-13:33).

A INFO\_2 identifícase

como galega, especialmente como moañesa porque vivo en Moaña [...]. Creo que o factor do xénero si que é unha grande parte da miña identidade, aprendida ou reivindicada e pouco máis. [...] Supoño que, claro, a miña orientación sexual inflúe, pero [...] eu, ao relacionarme agora mesmo a nivel afectivo cun home, realmente, téño moito máis fácil que unha muller bisexual que está cunha muller [...], ás veces, cuestiónase a miña orientación sexual ou que verdadeiramente me gusten as mulleres por estar cun home, pero tampouco é unha parte súper grande da miña vida [...]; obreira. [...], unha tía intensa, aínda que é un pouco misóxino (11:13-12:40).

Sempre se sentiu política e persoalmente moi implicada coas minorías oprimidas e con todo o minorizado, polo que a lingua para ela ten cada vez un papel maior: “é unha parte esencial da miña identidade porque é a lingua que me viu crecer e querer e é a lingua na que eu quero seguir crescendo e querendo” (INFO\_2, minutos 13:04-13:10). Ademais, a través da lingua e das variacións que existen nela (ausencia de seseo e

gheada a través das xeracións, léxico dialectal...), pode entender mellor a historia da súa familia, da súa contorna e a súa propia. Defende e lexítima todas as variedades, aínda que conteñan castelanismos, porque é importante non humillar a falantes e potenciais falantes (INFO\_2, minutos 13:10-18:08). Tamén vemos no discurso da informante 2 a valoración do galego e das linguas minorizadas en xeral como patrimonio cultural propio, patrimonio co que non contan todas as persoas, o que lles pode provocar un sentimento de envexa, estrañamento e inferioridade:

se de algo me din conta falando con falantes de español [...] moi e moito españois é que, ás veces, creo que ata senten un complexo de inferioridade por non ter outra lingua, porque a súa lingua é a norma e nós témola e eles non [...], hai algunhas que se senten como atacadas, porque ti tes algo, en tanto que falante dunha lingua minorizada e elas non (INFO\_2, minutos 22:08 a 22:36).

A INFO\_3 considérase lesbiana, do rural, galega, médica, cuidadora, comprometida con Galicia e todo o que implica, ademais de coa comunidade LGBT+. A lingua é, en definitiva, parte do que ela é, de como se expresa e o xeito no que quere relacionarse co mundo (INFO\_3, minutos 14:16-14:30):

Lesbiana [...] medrei no rural, algo moi presente agora mesmo na miña vida, nas cousas que eu fago diariamente. [...] O tema da lingua si que son moi defensora, do seu uso, da súa riqueza, tamén, pois, da cultura galega. Teño moi presente á hora de consumir determinado contido que sexa en galego, promocionar aquel contido que sexa na nosa lingua. Tamén forma parte da miña identidade a carreira que eu elixín, porque si que unha parte moi importante da miña vida céntrase nos cuidados das persoas, [...] considero a saúde e a súa promoción algo tamén importante dentro de quen son eu [...]. O que máis me define é iso: todo o que vén sendo Galicia, tanto como territorio, a cultura, a lingua e tal; e a parte de persona lesbiana que intenta cada día axudar a outras persoas que están pasando por situacións que eu tamén vivín agora, que o leven mellor; e sobre todo, gustaríame aplicar iso no meu traballo (INFO\_3, minutos 11:08-14:04).

A INFO\_4 basea moito a súa identidade en ser galega, tanto lingüística como culturalmente, aspecto que se ve acrecentado por estar de Erasmus. Estase a reconciliar coa súa propia orientación sexual, por unha parte, polo seu novo círculo no Erasmus, pois a maioría forman parte da comunidade LGBT+; por outra, por xa non estar nunha relación cun home, o que a fai sentirse máis lexítimada para falar de si mesma como bisexual, sínteo como máis parte de si mesma, xa non se invalida.

Disto dinme tamén moita conta ao irme de Erasmus, de que baso moito a miña identidade en ser unha persoa de Galicia e falo un montonazo de Galicia e do galego [...], creo que, canto máis te afastas do teu sitio [...] máis sintes este rolo así da morriña, das raíces [...], realmente, canto máis lonxe estou ou de Cangas, en concreto, ou de Galicia, en xeral, máis me gusta [...]. Coñecín xente de fóra de Galicia que falan moito de que eu sou como mui galega, en plan, de moitas referencias galegas. Cando empecei o Erasmus e me levaba todo con xente que non era de Galicia, costábame bastante falar en castelán, [...] o primeiro recordo que ten todo o mundo de min [...] é que lle falaba a todos en galego [...]. Ademais, sinto que este ano como todo o meu grupo de amigos de aquí si que é LGTB tamén falamos moito de, eso, orientación [...]; o ano este no que máis me estou reconciliando como con ser bisexual porque [...] tiven unha época da miña vida bastante longa na que me sentía bastante impostora da bisexualidade [...], en bachiller empecei co chaval este galegofalante [...]; logo, na universidade si que me liei con algunhas chicas, [...] chicas galegofalantes porque eu estaba desatada [...]. En primeiro de carreira, empecei con outro chaval [...] sentía que non tiña dereito a reivindicalo ou reclamálo en espacios ou falar de min mesma como bisexual porque era como “levo toda a miña casada con homes”. Este ano como o deixei con X ao principio do curso de Erasmus tal e [...] só me relaciono case con chicas e son todas bisexuais pois era como ese rolo de estar moito falando [...] de sentirnos atraídas por mulleres e, como foi a primeira vez que tamén estaba soltera nun millón de anos, pois dixeran “tío, realmente, son bisexual e fun bisexual todos estes anos [...]”, teño dereito de sobra a falar deste tema con quen quera e a reivindicarme e todo iso (INFO\_4, minutos 24:22-31:00).

Para a informante 4 é moi importante o feito de que agora se relaciona en galego, por vontade propia e de xeito consciente. Ao chegar ao Erasmus sentía que a xente de comunidades monolingües non comprendía o que é ter dúas linguas, a nivel das relacións de poder entre elas, de que falar galego é unha decisión cada día polas implicacións sociais que pode ter (INFO\_4, minutos 31:31-33:49). Podemos relacionar isto cos conceptos xa introducidos de *lingua auténtica* e *lingua anónima* (Gal/Woolard, 2016: 21 *apud* Ramallo, 2020: 248).

A INFO\_5 fala de si mesma como persoa non binaria, bisexual, galega no sentido de cultura e a nivel lingüístico, xa que, pola súa ideoloxía política non cre nas nacións (12:08)

Estoume empezando a considerar persoa non binaria [...], considero que é necesaria [...] unha abolición do xénero, entón entrar en discursos de xénero *non me, non me* [...], entón non binaria ten todo o sentido do mundo. Despois, bisexual e galega. [...] Como tamén me considero unha persoa anarquista, non creo en nacións [...], pero, claro, o meu contexto é galego atópome

defendendo o galego [...].O de galega non me acaba de gustar precisamente porque eu non participo na idea de “Galiza independente no sé qué tal”, porque a min paréceme que entrar no xogo de nacións é contraproducente, entrar en termos capitalistas [...] que non comparto. Pero, bueno, si que teño unhas raíces culturais, unhas raíces lingüísticas, unhas ideas a prol das linguas minorizadas (INFO\_5, minutos 12:08 a 14:58).

A lingua ten moito peso na súa identidade, principalmente polo vínculo emocional co seu defunto avó e porque lle axudou a reconectar coas raíces da súa familia materna; a súa motivación principal para comezar a falala foi identitaria (INFO\_5, minutos 04:28-06:34). Tamén por defender o que considera causas xustas como poden ser as linguas minorizadas, a natureza, os animais...; a empatía e o respecto que ten por quen sofre opresións chega ata o galego. Nesta importancia do galego na súa identidade, teñen que ver, ademais, os seus estudos universitarios, que son en Lingua e Literatura Galegas. (INFO\_5, minutos 15:14-17:07).

Para a INFO\_6, a súa orientación sexual inflúe enormemente en como ve o mundo e en como se relaciona coas persoas, é dicir, é unha parte bastante importante da súa identidade. Ten reflexionado sobre a súa orientación porque, normalmente, lle atraen mulleres; por este motivo, sente que ten que reafirmar a súa atracción polos homes con frecuencia.

A miña orientación sexual [...] xoga un papel importante en como miro o mundo e en como me relaciono coas persoas. Non tanto falar galego e sentirme galega, [...] é un sentimento que está aí, pero non o sinto tan forte [...].Tamén hai momentos nos que sinto que necesito reafirmar a miña atracción hacia un xénero ou outro, dependendo do momento vital no que me atope. En xeral, pásame cos homes [...], é como que teño que demostrar constantemente que son bisexual [...], que teño que reafirmar a miña atracción hacia os homes (INFO\_6, minutos 05:08-07:50).

Aínda que menciona falar galego e sentirse galega ao ser preguntada pola súa identidade, comenta que son elementos con moito menos peso na configuración desta ca, por exemplo, a súa orientación sexual (INFO\_6, minutos 08:13-08:33).

Como acabamos de ver, en xeral, as informantes mencionan como trazos definitorios de si mesmas o seu xénero, a súa orientación sexual, ser galegofalante e ser galega. Todos estes trazos contrapóñense aos hexemónicos, aos non oprimidos (persoa non binaria/muller vs. home; sáfica vs. heterosexual; (neo)falante de galego vs. falante de español...). Seguramente, unha persoa heterosexual non mencionaría ser heterosexual

como un trazo definitorio de si mesma, porque o asumimos como *o normal*, non semella implicar unha visión diferente do mundo. Por este mesmo motivo, ningunha das informantes que se identificou como muller especificou ser cixénero, porque é o habitual, o hexemónico, na nosa sociedade non necesita ser explicitado para ser asumido, xa está *autorizado* (Amarelo, 2019: 36).

No que respecta á construción da identidade das informantes a través da orientación sexual, en todas inflúe na súa visión do mundo, no seu xeito de relacionarse etc. Vemos un pouco de bifobia interiorizada nas INFO\_2 e INFO\_4, que, en certa medida, se invalidan a si mesmas por relacionarse afectivamente maioritariamente con homes. De xeito semellante, a INFO\_6 vese obrigada a reafirmar a súa atracción polos homes para non ser invalidada.

No que atinxe á lingua galega, o sentimento maioritario é sentila como parte fundamental da súa identidade (na única que non ocorre isto tan claramente é na INFO\_6). Falaremos, entón, de *lingua identitaria*, que Esteban *et al.* (2007: 9) din que “normalmente, va asociada a un orgullo, orgullo de falar esa lingua distinta en contraposición a outras linguas máis grandes, como el castellano”. Coas declaracións, especialmente, das informantes 2 e 4, podemos introducir os termos de *lingua auténtica* e *lingua anónima*: a *lingua auténtica*, neste caso, o galego, é a que nos identifica cultural e territorialmente, é a lingua identitaria; mentres que a *lingua anónima*, no noso contexto, o español, é a que se considera universal, de todos e de ninguén (Gal/Woolard, 2016: 21 *apud* Ramallo, 2020: 248):

se de algo me din conta falando con falantes de español [...] moi e moito españois é que, ás veces, creo que ata senten un complexo de inferioridade por non ter outra lingua, porque a súa lingua é a norma e nós témola e eles non [...], hai algunhas que se senten como atacadas, porque ti tes algo, en tanto que falante dunha lingua minorizada e elas non (INFO\_2, minutos 22:08 a 22:36).

Eles non entendían que que para min falar galego cada día era unha decisión que eu estaba tomando; podería non facelo ou utilizar calquera outro idioma [...]. Eu estaba como moi concienciada de manter o galego cando estivera de Erasmus, cando estivese en contacto con xente que fose española [...], de outras comunidades, e sentía que eles non entendían o que é ter dous idiomas, realmente, que te funcione o cerebro nun idioma distinto e tomar a decisión

persoal, política ou o que sexa todos os días de transmitir toda a túa vida nun idioma concreto. (INFO\_4 minutos 31:54-32:44).

A INFO\_1 sente o galego, ademais de como parte da súa identidade propia, tamén como parte da identidade do seu grupo de amizades, maioritariamente composto por sáficas e galegofalantes, neofalantes ou non (INFO\_1, minutos 06:12-06:41).

No que atinxe a sentirse galega ou ao sentimento de galeguidade, vémolos tamén moi presente en todas as informantes, agás na INFO\_6, que considera que, aínda que presente, non é un trazo tan definitivo de si mesma. Vemos como esta *galeguidade* se acrecenta cando se afastan de Galicia, por un sentimento de morriña (mesmo podemos ver isto na INFO\_6, xa que se decidiu a falar galego vivindo en Madrid).

#### 4.4. Saída do armario, momento no que comezan a falar galego, círculo e motivacións

Exporemos neste apartado o momento de saída do armario das informantes e o momento no que comezaron a falar galego; entenderemos *saír do armario* como 'admitirse a si mesmas a súa orientación sexual'. As informantes saíron do armario entre os 14 e os 20 anos; así como se tornaron neofalantes dentro dese rango de idade.

Tamén se exporán as súas motivacións para comezar a falar galego e, brevemente, os círculos nos que se foron integrando antes e despois de saír do armario e antes e despois de seren neofalantes.

##### *Informante 1*

A INFO\_1 comenta que se admitiu a si mesma que lle gustaban as mulleres aos 14 anos, nun proceso duro de aceptación e cuestionamento case constante (INFO\_1, minutos 01:02-01:59). Decidiu incorporar pouco a pouco o galego arredor dos 15, mais así non era quen de mantelo, polo que comezou a utilizalo tallantemente en todos os ámbitos, mesmo coa familia, coa que, anteriormente, falaba castelán. Comenta que ao principio algunhas amizades reaccionaban con estrañamento, pero ela mantivo a lingua ata converterse en monolingüe, sendo agora moi raro que empregue o castelán (INFO\_1, minutos 02:03-03:02). Cre que puido influír en que outras persoas,

especialmente da comunidade LGBT+, mudasen de lingua, tanto directa, coma indirectamente a través das redes sociais<sup>5</sup> creadas ao formar grupos de amizades (INFO\_1, minutos 13:53-14:13).

Por ser de Vilaboa, unha vila bastante rural, no seu círculo antes de saír do armario había castelanfalantes, pero tamén bastantes galegofalantes iniciais e habituais (INFO\_1, minutos 05:30-05:53). Non cre que a nivel de usos lingüísticos e prexuízos mudase o seu círculo instantaneamente, pero si que acabou por inserirse nun círculo de amizades composto, sobre todo, por mulleres sáficas, galegofalantes (neofalantes ou non) e de esquerdas “xente un pouco coma min”; non é habitual que se relacione con mulleres heterosexuais e homes (INFO\_1, minutos 06:03-07:25).

Ao final, tamén estamos todas moi conectadas por rolos de amizades, exparellas... [...], acabas creando un círculo un pouco coma ti e, ao final, é un espazo seguro ata certo punto. É un sitio no que sabes que non te van xulgar polos teus gustos, por exemplo. Ata certo punto eu penso que hai unha cultura, entre comiñas, non heterosexual, LGTB. [...] Certos gustos, certas actitudes que están así máis normalizados que na esfera heterosexual, que moitas veces é un choque cultural en certas cousas (INFO\_1, minutos 07:30-08:20).

As súas motivacións para falar galego foron tanto políticas como emocionais:

eu me defino como galeguista ata certo punto, teño unha ideoloxía así como de esquerdas (INFO\_1, minutos 03:16-03:20).

un pouco tamén de estar en contacto coas miñas raíces, supoño, porque realmente a familia da miña nai, coa que eu teño máis conexión [...] sempre falou galego, é do rural, parecíame un pouco unha pena que se perdese iso así de repente, digamos, porque se introducise meu pai na familia, entón [...] quería retomar un pouco esa cadea interxeracional de falar galego” (INFO\_1, minutos 03:21-03:55).

Tamén, dun xeito máis indirecto, puido influír ser bisexual:

eu creo que vai todo un pouco xunto. Obviamente, a túa orientación sexual non é algo que determine si ou si a túa ideoloxía ou os teus gustos ou a túa lingua, pero pode influír. Entón, si que penso que, sobre todo, se observas un pouco, si que te decatás de que a maior parte das mulleres, lesbianas, bisexuais..., tamén as mulleres trans (obviamente, iso non é de orientación sexual pero é [...] unha disidencia de xénero, entre moitas comiñas), un pouco as cousas que se

---

<sup>5</sup> *Rede social* neste contexto equivale a *social network*, termo introducido por Milroy en 1980, que veremos máis adiante.

desvían da norma si que o máis común é que teñan unha ideoloxía máis de esquerdas, de conservación dunha lingua, desa clase de cousas, [...] incluso de ser, por exemplo, vexetarianas ou veganas, non é o meu caso, pero si que é algo moi común que ao ser mulleres e ao ter esa clase de desvantaxes, supoño, socialmente, que nos impliquemos máis nestas loitas sociais, digamos (INFO\_1, minutos 04:10-05:17).

### *Informante 2*

A informante 2 comenta que comezou a reflexionar sobre a súa orientación sexual aos 12 ou 13 anos, pero non a aceptou ata moito máis adiante. Foi plenamente consciente disto aos 18 anos, cando xa estaba na universidade, a pesar de estar composto o seu círculo de amizades en Moaña maioritariamente por sáficas (INFO\_2, minutos 00:12-00:50).

Como xa se mencionou, a súa lingua inicial é o galego, que mantivo con toda a súa familia por ser esta falante tradicional e habitual de galego (agás a parte nacida e residente en Madrid). Con todo, coa escolarización, arredor dos 3 anos, empeza a empregar o castelán como lingua de socialización (INFO\_2, minutos 01:05-01:45).

No instituto, sentíase moi implicada coa lingua, participou no equipo de normalización lingüística, encantáballe a materia de galego, participaba en actividades relacionadas coa lingua e empregaba o galego sempre que podía —por exemplo, en excursións con outras escolas con maior cantidade de galegofalantes (INFO\_2, minutos 02:28-02:48). Porén, non sentía que puidese utilizalo sempre porque, agás dalgún profesor, ninguén fóra da casa llo falaba, non sentía que estivese nun espazo favorecedor (INFO\_2, minutos 01:45-02:27).

A recuperación da lingua pola súa parte tivo lugar aos 18 anos aproximadamente, coa chegada á universidade. Ao igual que a informante 1, as súas motivacións presentan un compoñente político e un compoñente emocional. Na universidade (en Madrid), estaba máis implicada politicamente, en parte por estudar lingüística (non o considera estritamente necesario, pero influíu); viu coma unha incoherencia estar tan a prol da lingua e non empregala en todos ou case todos os ámbitos (INFO\_2, minutos 02:48-03:06). Ademais, producíalle tristura non estar utilizando como lingua habitual o galego, xa que é a lingua que sempre utilizou a súa familia, que, en parte, conta a súa historia. Por estes motivos, comezou a falalo primeiro coa súa parella de Madrid (de

orixe peruana), e, máis tarde, tamén coas súas amizades, independentemente da orixe destas (INFO\_2, minutos 03:08-03:33). Ás amizades resultoulles un pouco raro porque as coñeceu falando en castelán, pero despois dunha semana animárona e reforzaron o uso do galego con comentarios como “es que cuándo INFO\_2 habla castellano, ya no parece INFO\_2” (INFO\_2, minutos 03:30-03:33).

Non cre que, conscientemente, lle influíse ser bisexual na elección da lingua, pero si que pensa que está relacionado dun xeito indirecto, pois é habitual que as persoas pertencentes a grupos oprimidos empaticen máis con outros grupos nunha situación similar e se impliquen en causas sociais (INFO\_2, minutos 09:08-09:38). Esta idea refórzaa o que lle comentou un profesor seu de castelán cando aínda non saíra do armario, o que tamén lle axudou a reflexionar sobre a súa orientación:

“tú no serás lesbiana, no? Porque eres muy inteligente, muy estudiosa y normalmente la gente que está de acuerdo con este tipo de cosas es porque vive un poco más a los márgenes y es capaz como de extrapolarlas porque vive desde fuera” (INFO\_2, minutos 08:30-08:45).

O uso do galego da INFO\_2 en todos os ámbitos posibles fixo que as súas amigas de Moaña cambien ao galego con ela; ademais de crear un espazo máis favorecedor para que unha delas, xa decidida a mudar ao galego despois de ir estudar fóra, o manteña (INFO\_2, minutos 05:51-07:12). Co mantemento da lingua en Madrid, moitas persoas de fóra de Galicia entran en contacto co galego e co bilingüismo e mesmo se animan a empregalo algunha vez coa INFO\_2 (INFO\_2, minutos 24:45-25:10).

### *Informante 3*

A informante 3 comezou a pensar que era bisexual xa na ESO, pero desbotou esa idea por pensar que *o normal* era que a todo o mundo lle atraese algunha muller. En terceiro de carreira, con aproximadamente 20 anos, aceptou que lle gustaban as mulleres tras namorarse dunha. Saíu do armario primeiro como bisexual, pero, despois de dous ou tres anos, foi consciente de que non lle atraían os homes, de que é lesbiana (INFO\_3, minutos 00:37-02:57). É moi probable que saíse do armario tan tardiamente por atoparse nun espazo non favorecedor, i.e., un círculo maioritariamente heterosexual, aínda que non necesariamente LGBTIfóbico (INFO\_3, minutos 08:14-10:30).

No que respecta a comezar a empregar o galego en todos os ámbitos, non o fixo tampouco ata terceiro de carreira, cando saíu do armario, mudou de círculo e coñeceu a máis persoas LGBT+ e galegofalantes (INFO\_3, minutos 08:14-10:30). É dicir, aproveitou a saída do armario e deste ambiente máis favorecedor para o galego para incorporalo a todos os ámbitos:

aproveitei o ano todo dos cambios de todo o que me estaba pasando en terceiro de carreira que dixen “súdama, eu a partir de agora vou falar galego con todo o mundo e xa está” (INFO\_3, minutos 06:59-07:14).

Porén, antes disto o galego xa tiña presenza na súa vida, pois falábao con seus pais e avós, así como, xeralmente, con quen se dirixía a ela nesta lingua (algúns deles amigos de fóra da escola, moi politizados lingüisticamente). Gañou algo máis de peso ao cambiar dun instituto concertado a un público no bacharelato, onde moita xente falaba xa galego. Continuou a alternar galego e castelán, pero a súa lingua habitual era este último, polo que o empregaba, por exemplo, nas redes sociais. (INFO\_3, minutos 03:04-04:46). Conseguiu mudar de lingua con todas as persoas, incluídas as irmás, aínda que elas foron as últimas (INFO\_3, minutos 05:44-05:56); por suposto, incorporou o galego ás súas redes sociais.

As súas motivacións semellan ser, principalmente, políticas, pois sempre estivo moi concienciada da situación da lingua, xa antes de empregala en todos ou case todos os ámbitos; ademais, só lía libros en galego e escribía poesía en galego, a pesar de non ser a súa lingua habitual. Durante bacharelato e a universidade pensou que non podía defender a lingua sen utilizala en todos os ámbitos da súa vida, sen predicar co exemplo (INFO\_3, minutos 06:03-07:22).

#### *Informante 4*

Aínda que sentiu que non encaixaba plenamente na etiqueta de bisexual durante anos, comezou a ser consciente da súa atracción polas mulleres dende segundo da ESO, con 14 anos, ao presentar sentimentos confusos por unha amiga que saíra previamente do armario como lesbiana. Saíu do armario aos 15 anos, aínda cuestionándose se de verdade encaixaba na etiqueta de bisexual, porque apenas sentía atracción por rapazas; finalmente, reafirmouse sobre isto en bacharelato (INFO\_4, minutos 09:06-

10:30) e de novo este ano ao estar de Erasmus e ter un círculo case integramente LGBT+ (INFO\_4, minutos 29:12-29:15). Coma no caso doutras informantes, o ambiente heteronormativo do seu instituto e a falta de referentes puido influír en que dubidase tanto sobre a súa orientación sexual (INFO\_4, minutos 10:00-10:28).

Durante a súa infancia, a pesar de ser seu pai galegofalante, empregaba moi escasamente o galego; principalmente, usábao xogando aos xornalistas con seus irmáns, así como no Día das Letras Galegas (INFO\_4, minutos 10:52-12:24) Isto debeuse, principalmente, a que o seu círculo era completamente castelanfalante ata bacharelato, algún dos integrantes mesmo tiña moitos prexuízos lingüísticos ao respecto; non se trataba dun ambiente propicio para comezar a ser neofalante.

Ao chegar á ESO foi máis consciente da situación lingüística do galego e quixo comezar a falalo (de feito, aproveitaba as clases de galego e os campamentos de verán onde non a coñecían para facelo), pero non quería sufrir as burlas e o estrañamento dos compañeiros, polo que o pospuxo. Ademais, a única persoa galegofalante do seu círculo era seu pai, co que tiña certas tensións, coma calquera adolescente (INFO\_4, minutos 12:26-13:20).

Comezou a animarse a cambiar de lingua en todos os ámbitos ao facerse amiga de rapaces galegofalantes, mais, sobre todo, por saír con un. Comenta que, ao principio, sufriu preguntas sobre por que o cambio de lingua e que lle daba bastante vergoña falar galego por ter os problemas prototípicos dos neofalantes, coma a colocación dos pronomes. Incorporou o galego pouco a pouco, primeiro por escrito e despois oralmente, pois admite que lle custaba moito manter a lingua (INFO\_4, minutos 13:35-16:14).

Na universidade cambiou definitivamente a lingua, primeiro co seu círculo de Santiago de Compostela e medio ano máis tarde tamén coas súas amizades do Morrazo e coa familia (INFO\_4, minutos 16:16-17:20). Na actualidade, súa nai cambia de lingua para falar con ela e súa irmá está a comezar o proceso de facerse neofalante (INFO\_4, minutos 35:40-36:53).

As súas motivacións foron políticas, pois era plenamente consciente da situación do galego con respecto ao castelán; mais, sen dúbida, na muda influíron as súas relacións

sociais. Cos cambios no seu círculo coñeceu a máis xente galegofalante, que ademais estaba implicada en cousas culturalmente galegas, coma o baile tradicional; o achegamento a estas persoas fixo que se sentise máis representada pola cultura galega e valorase máis a lingua, o que a levou a querer adoptala con máis ansia. (INFO\_4, minutos 18:11-20:20).

#### *Informante 5*

Debido aos prexuízos que tiña por ir a un colexio de monxas ata a ESO, a informante 5 non admitiu a súa orientación sexual ata arredor dos 18 anos. Conta como na escola a acusaron a ela e a unha amiga súa de *bolteras*, o que fixo que se acrecentasen os seus prexuízos negativos ao respecto dese tipo de relacionamentos (INFO\_5, minutos 00:48-01:44). En bacharelato estivo nun espazo menos normativo, tanto a nivel racial, como de orientación sexual, de ideoloxía e de lingua, no que empezou a descubrirse. A través das redes sociais familiarizouse máis coa comunidade LGBT+, pero polo ambiente heteronormativo do que formaba parte, non se recoñecía como parte dela; influíu tamén a súa misoxinia interiorizada. Con todo, ao chegar á universidade (arredor dos 18 anos, como xa se mencionou), finalmente se sentiu cómoda na etiqueta de bisexual (INFO\_5, minutos 00:08-03:23).

Comezou a falar galego tamén arredor de finais de bacharelato e principios da universidade, xa que, do mesmo xeito que o seu colexio non era un espazo non favorecedor para descubrirse a si mesma como sáfica, tampouco o era para empregar activamente o galego (INFO\_5, minutos 00:36-00:48). Conta como intentou incorporar a lingua dende pequena, pero sempre sufría burlas. Escolleu estudar bacharelato no instituto no que menos xente de Pontevedra viñese para cambiar de ambiente e poder cambiar de lingua sen danar a súa imaxe pública; deste xeito, no instituto pasou a usar o galego, mentres que na casa mantiña o castelán. Ao chegar á universidade a estudar Ciencias Políticas, decidiu cambiar de lingua con todas as persoas, familiares, amizades... (INFO\_5, minutos 03:28-04:19).

Aínda que a INFO\_5 é consciente da situación do galego con respecto ao castelán, a súa principal motivación para falalo foi emocional e identitaria. Na súa familia os únicos galegofalantes eran os avós paternos; seu avó paterno faleceu hai uns 6 anos e

era o único co que tiña boa relación. A avoa materna é da Golada; era galegofalante pero foi obrigada pola súa familia e, posteriormente, polo seu marido (que a INFO\_5 cualifica como fascista) a falar castelán; agora mesmo semella que esqueceu o galego, pois, ás veces, afirma non entender ben á INFO\_5.

A INFO\_5 quixo falar galego para identificarse co seu avó paterno e “manter o seu legado”, por ser o único da familia externa aos convivintes (pai, nai e irmán) “que merece a pena”. Ademais diso, tamén inflúe a carga negativa que ten o castelán na súa historia familiar, xa que súa avoa materna foi obrigada a empregalo e transmitírllo á súa descendencia; así como é a lingua de seu avó materno, co que está moi distanciada emocional e ideoloxicamente (INFO\_5, minutos 04:28-06:34).

Na actualidade, emprega o galego case sempre (familia, universidade, amizades...); mesmo conseguiu que seus pais cambiasen ao galego para contestarlle a ela, o que axuda a crear un ambiente favorecedor para seu irmán se decide falalo tamén dentro da casa (INFO\_5, minutos 06:34-06:52). Cómpre mencionar que se move nun círculo máis galegofalante e diverso; pero, nos últimos tempos, comezou a manter amizade con xente de fóra de Galicia que non fala galego, polo que se pasa ao castelán con varios deles (INFO\_5, minutos 07:20-11:32).

#### *Informante 6*

Decatouse de que lle gustaban as mulleres a través das redes sociais por seguir a unha rapaza bisexual en Twitter, aos 15 ou 16 anos; tardou uns poucos meses en asimilalo (INFO\_6, minutos 00:11-01:19). Ten reflexionado sobre se lle gustan ou non os homes, pero sempre chega á conclusión de que si, polo que se identifica como bisexual (INFO\_6, minutos 06:39-07:50).

Tiña en mente comezar a empregar o galego dende hai bastante tempo, mais, ata hai aproximadamente un ano e medio, non se animara a expandilo a todos os ámbitos, en parte porque o seu círculo é maioritariamente castelanfalante. Con todo, levaba anos a utilizalo nas redes sociais, xa que, ao ser por escrito tiña máis tempo para pensar no que dicir e resultáballe máis sinxelo. Por ser o seu círculo de amizades de Galicia un espazo favorecedor, puido mudar de lingua con elas dende o principio, mesmo tentan dirixirse á INFO\_6 en galego (INFO\_6, minutos 03:30-04:12); na actualidade, procura

establecer novas relacións xa en galego. Segue a empregar o castelán na casa (a pesar de que seu pai é galegofalante fóra do ámbito familiar) e en Madrid, onde estuda, a diferenza da INFO\_2 (INFO\_6, minutos 01:22-02:17).

As súas motivacións para comezar a falalo foron políticas e emocionais. É consciente da situación da lingua galega, polo que quería mantela; alén diso, sentía pena por perder todo contacto coa lingua, xa que rematara o instituto, o principal contacto con ela. Estas dúas cousas fixeron que se decidise a utilizalo activamente (INFO\_6, minutos 02:23-03:13).

#### *Análise das coincidencias e discordancias entre as informantes*

Como podemos ver na maior parte das informantes, o proceso de muda lingüística sucedeu á vez ou pouco despois da súa saída do armario. Non ocorre así nos casos da INFO\_4 e da INFO\_6, aínda que, de todos os xeitos, o emprego do galego en todos ou case todos os ámbitos é posterior á toma de consciencia sobre a súa orientación sexual.

Con todo, a muda lingüística prodúcese en todas as informantes cando ocorre tamén algún outro cambio, o que, como indican Pujolar *et. al* (2010: 67) é habitual:

podem trobar-hi moments de muda lingüística, que en la gran major part dels casos es concentren en una llista relativament reduïda: a) l'accés a l'escola bressol o primària, b) l'ingrés en un institut d'ensenyament secundari, c) l'accés a la universitat, si és el cas, d) l'inici de la vida laboral, i, en un altre ordre de coses, e) l'establiment d'una relació de parella, i f) el naixement del primer fill.

Non é sorprendente que Pujolar *et al.* ignoren como gran cambio a toma de consciencia dunha persoa sobre a súa orientación sexual. Nos casos das informantes 1, 2, 3 e 5 é, sen dúbida, relevante, xa que este gran cambio foi seguido ao pouco tempo pola muda lingüística.

Non podemos tampouco negar que os cambios de centro académico tiveron influencia en moitas das informantes. A informante 5 pasou dun centro de ensino privado a un de ensino público no bacharelato, un espazo moito máis favorecedor para ser neofalante e sáfica; decidiuse a mudar de lingua totalmente con outro cambio de centro, pasando á universidade en Santiago de Compostela. De xeito semellante, pasar

dun instituto concertado a un público fixo que a informante 3 aumentase o seu uso de galego, aínda que o cambio determinante para converterse en neofalante, segundo o seu propio testemuño, foi saír do armario:

aproveitei o ano todo dos cambios de todo o que me estaba pasando en terceiro de carreira que dixen “súdama, eu a partir de agora vou falar galego con todo o mundo e xa está” (INFO\_3, minutos 06:59-07:14).

Para as informantes 2, 4, 5 e 6, o cambio de centro implicou tamén un cambio de residencia: Madrid no caso de INFO\_2 e INFO\_6 e Santiago de Compostela, no caso de INFO\_4 e INFO\_5. É relevante comentar o caso de INFO\_2 e INFO\_6, que, como xa se mencionou anteriormente, ao viviren en Madrid tiveron un sentimento de morriña que as fixo decidirse a comezar a falar galego e telo, en maior ou menor medida, como lingua identitaria. Tamén INFO\_4, que está de Erasmus en Portugal, participa deste sentimento, aínda que falaba galego antes disto.

Outro cambio que influíu na muda dalgunha das informantes foi o cambio de círculo de amizades, é dicir, das redes sociais que establecen. Tomaremos a definición de *rede social* de Leslie Milroy “... the term social network refers quite simply to the informal social relationships contracted by an individual” (Milroy, 1980: 174 *apud*. Türker, 1995: 57). Debemos diferenciar entre *redes sociais de alta densidade*, nas que unha persoa está conectada a outras e estas á súa vez están conectadas entre si; e *redes sociais de baixa densidade*, nas que unha persoa está conectada a outras e estas apenas establecen relacións entre si (Milroy, 1980: 50 *apud* Türker, 1995: 57). Como indica a informante 1, é habitual que as sáficas participen de redes sociais de alta densidade, polo que é máis sinxelo que falen unha lingua común e *presionen* a novas integrantes do grupo a falala. Con todo, debemos ter en conta que as redes sociais de baixa densidade tamén poden influír na muda lingüística; deste xeito, un dos motivos polos que a INFO\_4 quixo comezar a falar galego foi o establecemento de amizade con algúns rapaces neofalantes, así como empezar a saír cun mozo galegofalante.

Por último, debemos atender á praxe lingüística das informantes antes e despois de saír do armario. Case todas as informantes dixeron explicitamente que antes de saír do armario tiñan actitudes lingüísticas converxentes, adecuándose ao que se esperaba delas como mulleres nunha sociedade patriarcal: ser complacentes con todos os

individuos, independentemente de se tiñan que adoptar a lingua dominante ou a dominada (Gilligan, 2013). Deste modo, potenciaban a súa *imaxe positiva*, é dicir, “o desexo de seren aceptadas socialmente” (Gómez Martínez, 2020: 50); en detrimento da súa *imaxe negativa*, “o desexo de seren respectadas independentemente da lingua que falen” (Gómez Martínez, 2020: 50).

Ao seren conscientes da súa verdadeira orientación sexual, foxen da heteronormatividade e, en parte, das ideas patriarcais, situándose nunha posición, como indica Gilligan (2013), máis democrática. Nesa posición democrática, na que conviven xustiza e coidado, son quen de comprometérense coas causas sociais, apoiando *os oprimidos*, como poden ser as linguas minorizadas, as persoas racializadas, transxénero, pobres etc. A súa propia opresión failles tomar maior consciencia das outras e participar no que cren xusto, quizais tamén por iso se animaron a seren neofalantes.

## 5. Conclusións

Deste estudo podemos tirar varias conclusións. A primeira delas é que debemos atender ás novas realidades sociais e ser flexibles coas etiquetas na sociolingüística, para, como xa dixen, non borrar historias e realidades por querer clasificalo todo dun xeito tallante (Pujolar *et al.*, 2010: 67). Así, considero que sería conveniente adoptar unha definición de *neofalante* máis aberta, que inclúa tamén a persoas galegofalantes iniciais que abandonaron a lingua nos primeiros anos de vida e a recuperaron na adolescencia ou idade adulta. Para esta nova definición, convén ter en conta a percepción das persoas ás que se lle pode aplicar o termo (Rymes/ Leone, 2014), no caso deste estudo, a das seis informantes. Deste xeito, a definición escollida foi:

Persoa que fala castelán nas primeiras etapas da súa vida nos ámbitos externos ao fogar e á familia; pero que, nun proceso de muda consciente, se converte na adolescencia ou idade adulta en galegofalante habitual (monolingüe ou bilingüe), independentemente de se a súa lingua inicial é o galego, o castelán ou outra.

No que atinxe ao termo de *sáfica*, debemos atender aínda máis ao seu uso por parte da xente, especialmente da que pertence ao colectivo LGBT+. Considero que os

diferentes dicionarios avalados por organismos oficiais como son o DRAG, o DLE e o OED deberían atender tamén a este uso e actualizarse, máis tendo en conta que están en constante revisión e que o concepto xurdiu na sociedade, non na academia.

Con respecto á análise das entrevistas, vemos como todas as informantes mencionan para definir a súa identidade ser sáficas e ser cultural e lingüisticamente galegas (para INFO\_6 ten moito máis peso ser bisexual, pero continua a mencionar que é galega e que fala galego).

Para as informantes seleccionadas queda demostrado que existe algún tipo de relación entre converterse en neofalante de galego e recoñecerse como sáfica. Na maior parte delas, o proceso de muda sucedeu á vez ou pouco despois da súa saída do armario (foi o cambio vital que a propiciou, ás veces unido a outros coma un cambio de centro de ensino ou de residencia). Non ocorre así nos casos da INFO\_4 e da INFO\_6; de todos os xeitos, o emprego do galego en todos ou case todos os ámbitos é posterior á toma de consciencia sobre a súa orientación sexual.



As motivacións da muda adoitan combinar unha parte emocional, que ten que ver con manter a lingua tradicionalmente familiar e achegarse a persoas queridas; con outra política, relacionada co coñecemento da situación sociolingüística do galego. Ao seren conscientes da súa verdadeira orientación sexual, foxen da heteronormatividade e, en parte, das ideas patriarcais, situándose nunha posición, máis democrática (Gilligan, 2013), na que son quen de comprometérense coas causas sociais, apoiando os *oprimidos*; a súa propia opresión failles tomar maior consciencia das outras e participar no que cren xusto, polo que, quizais, tamén se comprometeron politicamente coa defensa do galego e comezaron a ser neofalantes.



Non podemos negar outros factores que propician a muda, como son o cambio de centro académico ata un máis favorecedor, tanto para converterse en neofalante de galego como para descubrirse como sáfica (son un dos factores que influíron nas INFO\_3 e INFO\_5; no caso da INFO\_4 chegar á universidade só propiciou a muda lingüística). Tamén debemos ter en conta as redes sociais nas que se integran, tanto as de alta densidade (a INFO\_1 está nun grupo de amigas maioritariamente pertencentes ao colectivo LGBT+ e galegofalantes), coma as de baixa densidade (o establecemento

de relacións de parella ou de amizades con usos lingüísticos diferentes pode influír, como é o caso da INFO\_4, cuxa praxe lingüística comezou a mudar ao saír cun rapaz neofalante e facer algunha amizade galegofalante). Por último, vemos que para a INFO\_2 e a INFO\_6 residir fóra de Galicia foi un factor determinante para incorporar a lingua galega a todos os ámbitos extrafamiliares; no caso da INFO\_4, vivir este ano en Lisboa só influíu a nivel de sentirse *máis galega*, pois xa incorporara o galego en todos os ámbitos ao chegar á universidade.

En conclusión, aínda que as motivacións que inflúen no proceso de muda lingüística son de carácter multifactorial, nos casos estudados a orientación sexual das entrevistadas é moi relevante.

## 6. Bibliografía

a Vera   [@unhaprimavera] (16/08/2020): *amigas sáficas: burlarvos de mulleres por como visten engadindo "heteras" non deixa de ser misoxinia, un non-bico* [Chío]. *Twitter*.  
<<https://twitter.com/unhaprimavera/status/1295069792202883074>> [Consulta 23/06/2022].

 Abbi  (*lizawa* go brrrr) COMMIS CERRADAS [@Eiprrril] (06/08/2021): *El safismo es un espacio que no incluye hombres. En una relación sáfica, sea entre dos bi, dos lesbianas o* [Chío]. *Twitter*.  
<<https://twitter.com/Eiprrril/status/1423760914851958786>> [Consulta 23/06/2022].

Amarelo Montero, Daniel (2019): “A (de)construción identitaria homosexual na conversa. Implicacións socioculturais no discurso gay galego”, *Madrygal* 22, p. 31-49. DOI: <<https://doi.org/10.5209/madr.66850>> [Consulta 10/06/2022].

Butler, Judith (2010) [1990]: *El género en disputa: el feminismo y la subversión de la identidad*. Barcelona: Paidós Ibérica.

Colaboradores da Wikipedia: “Urban dictionary”, *Wikipedia, the free encyclopedia* <[https://en.wikipedia.org/wiki/Urban\\_Dictionary](https://en.wikipedia.org/wiki/Urban_Dictionary)> [Consulta 23/06/2022].

- DLE= *Diccionario de la lengua española*, 23ª ed., [versión 23.5 en línea]. Real Academia Española. <<https://dle.rae.es>> [Consulta 10/06/2022].
- DRAG= *Dicionario da Real Academia Galega*. Manuel González González (dir.). A Coruña: Real Academia Galega. <<https://academia.gal/diccionario>> [Consulta 10/06/2022].
- Esteban, Moisès *et al.* (2007): *El papel de la lengua en la construcción de la identidad: un estudio cualitativo con una muestra multicultural*. Girona: Universidad de Girona  
<[https://www.academia.edu/33405539/El papel de la lengua en la construcción de la identidad un estudio cualitativo con una muestra multicultural](https://www.academia.edu/33405539/El_papel_de_la_lengua_en_la_construcci%C3%B3n_de_la_identidad_un_estudio_cualitativo_con_una_muestra_multicultural)> [Consulta 10/06/2022].
- Fernández Rei, Elisa/ Xosé Luís Regueira (2018): “Neofalantes e paleofalantes A emerxencia de novas identidades sociolingüísticas” [Presentación de diapositivas], *XII Congreso Internacional da AIEG*. Instituto da Lingua Galega-USC, Real Academia Galega. DOI: 10.13140/RG.2.2.31419.03366 [Consulta 10/06/2022].
- Frías Conde, Xavier (2006): “A normalización lingüística na Romania: a normalización da lingua e normalización dos falantes (o caso dos neofalantes)”, *lanua: revista philologica romanica* 6, pp. 49-68 <<https://raco.cat/index.php/lanua/article/view/72375>> [Consulta 10/06/2022].
- Gilligan, Carol (2013): *La ética del cuidado*. Barcelona: Fundació Víctor Grífols i Lucas. <<http://www.secpal.com/%5CDocumentos%5CBlog%5CCuaderno30.pdf>> [Consulta 10/06/2022].
- Gómez Martínez, Lidia (2020): “A muda lingüística na xuventude: momentos e factores”, *Cadernos de lingua* 38, pp. 9-52. A Coruña: Real Academia Galega. <<https://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/Cadernos/article/view/753/756>> [Consulta 10/06/2022].
- Guerrero González, Silvana (2017): “La recolección de narraciones orales y su estudio en correlación con factores sociales: el valor de la entrevista

sociolingüística" *Philologica Canariensia* 23, pp. 79-89.  
<<https://ojsppdc.ulpgc.es/ojs/index.php/PhilCan/article/view/841/744>>  
[Consulta 10/06/2022].

IGE (2021). Instituto Galego de Estatística. *Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro. Ano 2021. Provincia de Pontevedra*.  
<[http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=589&R=9913\[36:36020:36001:36003:36002:36004:36005:36006:36007:36008:36009:36010:36013:36014:36015:36016:36017:36018:36019:36021:36022:36023:36901:36024:36025:36026:36027:36028:36029:36030:36031:36032:36033:36034:36035:36036:36037:36041:36043:36042:36044:36038:36039:36040:36045:36046:36047:36048:36049:36050:36051:36052:36053:36054:36055:36056:36057:36059:36058:36060:36061:36902\]&C=0\[all\]&F=T\[1:0\]&S=>](http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=589&R=9913[36:36020:36001:36003:36002:36004:36005:36006:36007:36008:36009:36010:36013:36014:36015:36016:36017:36018:36019:36021:36022:36023:36901:36024:36025:36026:36027:36028:36029:36030:36031:36032:36033:36034:36035:36036:36037:36041:36043:36042:36044:36038:36039:36040:36045:36046:36047:36048:36049:36050:36051:36052:36053:36054:36055:36056:36057:36059:36058:36060:36061:36902]&C=0[all]&F=T[1:0]&S=>)> [Consulta 23/06/2022].

Labov, William (1972): "The Transformation of Experience in Narrative Syntax", *Language in the Inner City. Studies in the Black English Vernacular*. Filadelfia: University of Pennsylvania Press, pp. 354-396.

Losada, Antón (2009) "Sechu Sende: «O futuro do galego será neofalante, ou non será»", *Xornal de Galicia* 40. <<https://www.aelg.gal/a-aelg-na-prensa/112/sechu-sende-o-futuro-do-galego-sera-neofalante-ou-non-sera>> [Consulta 25/06/2022].

Monteagudo, Henrique (2021): *O idioma Galego baixo o franquismo. Da resistencia á normalización*, vol. 14. Vigo: Editorial Galaxia.

Monteagudo, Henrique *et al.* (2016): *Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2013*. Real Academia Galega.  
<<https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/305/301/254>>  
[Consulta 29/06/2022].

Monteagudo, Henrique *et al.* (2021): *Mapa Sociolingüístico escolar de Ames*. Real Academia Galega. DOI: <<https://doi.org/10.32766/rag.380>> [Consulta 29/06/2022].

OED= *Oxford English Dictionary*. Oxford University Press.  
<<http://www.oed.com/viewdictionaryentry/Entry/11125>> [Consulta 10/06/2022].

Pilar (a newsie) [@pilar\_\_af] (28/06/2020): *Recordad, chicas, que si dudáis entre si sois lesbianas o bi y no sabéis qué reivindicar, hay una bandera sáfica* [Chío]. Twitter. <[https://twitter.com/pilar\\_af/status/1277262137346404355](https://twitter.com/pilar_af/status/1277262137346404355)> [Consulta 23/06/2022].

Pujolar, Joan *et al.* (2010): “Les mudes lingüístiques dels joves catalans”, *Llengua i ús: revista tècnica de política lingüística* 48, pp. 65-75 <<https://raco.cat/index.php/LlenguaUs/article/view/234257/316492>> [Consulta 10/06/2022].

Ramallo, Fernando (2012): “El gallego en la familia: entre la producción y la reproducción”, *Caplletra* 53, pp. 167-191 <[https://www.academia.edu/2066961/El\\_gallego\\_en\\_la\\_familia\\_entre\\_la\\_producci%C3%B3n\\_y\\_la\\_reproducci%C3%B3n](https://www.academia.edu/2066961/El_gallego_en_la_familia_entre_la_producci%C3%B3n_y_la_reproducci%C3%B3n)> [Consulta 10/06/2022].

Ramallo, Fernando (2013): “Neofalantismo” en Eva Gugenberger/ Henrique Monteagudo/ Gabriel Rei-Doval (eds.). *Contacto de lenguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura, pp. 247-258 <<https://www.academia.edu/5106212/Neofalantismo>> [Consulta 10/06/2022].

Ramallo, Fernando (2018): “A Galicia neofalante”, *A trabe de Ouro* 109, pp. 11-22 <[https://www.academia.edu/38378483/A\\_Galicia\\_neofalante](https://www.academia.edu/38378483/A_Galicia_neofalante)> [Consulta 10/06/2022].

Ramallo, Fernando (2020): “Neofalantismo y el sujeto neohablante”, en Luisa Martín Rojo/ Joan Pujolar Cos (coords.). *Claves para entender el multilingüismo contemporáneo*. Zaragoza: Editorial UOC e Universidad de Zaragoza, pp. 229-265 <[https://www.academia.edu/44922987/Neofalantismo\\_y\\_el\\_sujeto\\_neohablante](https://www.academia.edu/44922987/Neofalantismo_y_el_sujeto_neohablante)> [Consulta 10/06/2022].

Ramallo, Fernando/ Bernadette O'Rourke (2014): "Perfiles de neohablantes de gallego", *Digithum* 16, pp. 18-24 <<https://raco.cat/index.php/Digithum/article/view/n16-ramallo-orourke/394161>> [Consulta 23/06/2022].

Rymes, Betsy/ Andrea R. Leone (2014): "Citizen sociolinguistics: A new media methodology for understanding language and social life", *Working Papers in Educational Linguistics* 29 (2), pp. 25-43 <<https://repository.upenn.edu/cgi/viewcontent.cgi?article=1262&context=wpel>> [Consulta 10/06/2022].

Silva Valdivia, Bieito (2012): "O debate sobre as linguas en Galicia: entre a escola e a sociedade", en Henrique Monteagudo (ed.), *Linguas, Sociedade e política. Un debate multidisciplinar*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura galega, pp. 361-383 <[http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2012\\_Linguas-sociedade-e-politica-Un-debate-multidisciplinar.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2012_Linguas-sociedade-e-politica-Un-debate-multidisciplinar.pdf)> [Consulta 23/06/2022].

Türker, Emel (1995): "Milroy's Social Theory—A critical Account", *Dilbilim Araştırmaları Dergisi* 6, pp. 56-66 <<http://dad.boun.edu.tr/en/download/article-file/303115>> [Consulta 23/06/2022].

*Urban Dictionary* <<https://www.urbandictionary.com/>> [Consulta 23/06/2022].

## 7. Anexos

### 7.1. Fichas das informantes<sup>6</sup>

*Ficha informante 1*

**Nome (real):** Ana María Beloso Calvar

**Ano de nacemento:** 2000

**Lugar de nacemento:** Vilaboa

**Lugar de residencia:** Vilaboa/ Santiago de Compostela

**Residiu fóra de Galicia:** NON

---

<sup>6</sup> Non se tiveron en conta as profesións, xa que a maioría delas nunca traballou.

**Nivel de estudos:** Estudos universitarios (Grao en Lingua e Literatura Galegas)

**Lingua en que aprendeu a falar:** Castelán

**Lingua habitual:** Galego

**Lugar e data da entrevista:** Santiago de Compostela, 22 de maio de 2022

*Ficha informante 2*

**Nome (real):** Vera Santomé Juncal

**Ano de nacemento:** 1999

**Lugar de nacemento:** Moaña

**Lugar de residencia:** Moaña/ Madrid/ Edimburgo (un ano de Erasmus)

**Residiu fóra de Galicia:** SI (estudos universitarios en Madrid e Erasmus en Edimburgo)

**Nivel de estudos:** Estudos universitarios (Grao en Linguas modernas, Cultura e Comunicación) e posuniversitarios (Dobre Mestrado en Formación ao Profesorado de ESO e Bacharelato (MESOB) e Estudos Internacionais Francófonos (MEIF))

**Lingua en que aprendeu a falar:** Galego

**Lingua habitual:** Galego

**Lugar e data da entrevista:** [telemática], 23 de maio de 2022

*Ficha informante 3*

**Nome (real):** Lucía Tilve García

**Ano de nacemento:** 1997

**Lugar de nacemento:** A Estrada

**Lugar de residencia:** A Estrada/ Meis/ Santiago de Compostela

**Residiu fóra de Galicia:** NON

**Nivel de estudos:** Estudos universitarios (Grao en Medicina)

**Lingua en que aprendeu a falar:** Galego e castelán

**Lingua habitual:** Galego

**Lugar e data da entrevista:** [telemática], 24 de maio de 2022

*Ficha informante 4*

**Nome (real):** Catalina Eirea Orro

**Ano de nacemento:** 2000

**Lugar de nacemento:** Cangas do Morrazo

**Lugar de residencia:** Cangas do Morrazo/ Santiago de Compostela/ Lisboa (un ano de Erasmus)

**Residiu fóra de Galicia:** SI (Erasmus en Lisboa)

**Nivel de estudos:** cursando estudos universitarios (Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual)

**Lingua en que aprendeu a falar:** Castelán

**Lingua habitual:** Galego

**Lugar e data da entrevista:** [telemática], 24 de maio de 2022

*Ficha informante 5*

**Nome (real):** Carlota Corredoira Sartier

**Ano de nacemento:** 1997

**Lugar de nacemento:** Poio

**Lugar de residencia:** Poio/ Santiago de Compostela

**Residiu fóra de Galicia:** NON

**Nivel de estudos:** Estudos universitarios (Grao en Lingua e Literatura Galegas)

**Lingua en que aprendeu a falar:** Castelán

**Lingua habitual:** Galego

**Lugar e data da entrevista:** [telemática], 26 de maio de 2022

Ficha informante 6

**Nome (real):** Anxos Pérez Fernández

**Ano de nacemento:** 2000

**Lugar de nacemento:** Tui

**Lugar de residencia:** Tui/ Madrid

**Residiu fóra de Galicia:** SI (estudios universitarios en Madrid)

**Nivel de estudos:** Estudos universitarios (Grao en Estudos de Asia e África: Árabe, Chinés e Xaponés)

**Lingua en que aprendeu a falar:** Castelán

**Lingua habitual:** Máis galego

**Lugar e data da entrevista:** [telemática], 26 de maio de 2022

## 7.2. Ligazóns ás gravacións das informantes

[Informante 1](#)

[Informante 2](#)

[Informante 3](#)

[Informante 4](#)

[Informante 5](#)

[Informante 6](#)

## 7.3. Autorizacións

Ana María Beloso Calvar, en Santiago de Compostela, no día 1 de maio de 2022, dá o seu consentimento para a realización desta gravación e o seu posterior uso no Traballo de Fin de Grao *Identidade a través da lingua: sáficas neofalantes*. Esta gravación vai ser utilizada exclusivamente para fins de investigación lingüística, e os seus datos persoais en ningún caso se poderán facer públicos nin saírán do ámbito deste proxecto.



Vera Santomé Juncal, en Santiago de Compostela, no día 7 de maio de 2022, dá o seu consentimento para a realización desta gravación e o seu posterior uso no Traballo de Fin de Grao *Identidade a través da lingua: sáficas neofalantes*. Esta gravación vai ser utilizada exclusivamente para fins de investigación lingüística, e os seus datos persoais en ningún caso se poderán facer públicos nin saírán do ámbito deste proxecto.



Lucía Tilve García, en Santiago de Compostela, no día 3 de maio de 2022, dá o seu consentimento para a realización desta gravación e o seu posterior uso no Traballo de Fin de Grao *Identidade a través da lingua: sáficas neofalantes*. Esta gravación vai ser utilizada exclusivamente para fins de investigación lingüística, e os seus datos persoais en ningún caso se poderán facer públicos nin saírán do ámbito deste proxecto.



Catalina Eirea Orro, en Santiago de Compostela, no día 15 de maio de 2022, dá o seu consentimento para a realización desta gravación e o seu posterior uso no Traballo de Fin de Grao *Identidade a través da lingua: sáficas neofalantes*. Esta gravación vai ser utilizada exclusivamente para fins de investigación lingüística, e os seus datos persoais en ningún caso se poderán facer públicos nin saírán do ámbito deste proxecto.



Carlota Corredoira Sartier, en Santiago de Compostela, no día 2 de maio de 2022, dá o seu consentimento para a realización desta gravación e o seu posterior uso no Traballo de Fin de Grao *Identidade a través da lingua: sáficas neofalantes*. Esta gravación vai ser utilizada exclusivamente para fins de investigación lingüística, e os seus datos persoais en ningún caso se poderán facer públicos nin saírán do ámbito deste proxecto.



Anxos Pérez Fernández, en Santiago de Compostela, no día 7 de maio de 2022, dá o seu consentimento para a realización desta gravación e o seu posterior uso no Traballo de Fin de Grao *Identidade a través da lingua: sáficas neofalantes*. Esta gravación vai ser utilizada exclusivamente para fins de investigación lingüística, e os seus datos persoais en ningún caso se poderán facer públicos nin saírán do ámbito deste proxecto.

